



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DÍA 4 DE MARZO DE 2010**

ALCALDE:

D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS:

D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ)

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña.Laura Miguez Pérez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D. Roberto C. Valverde Sabin

NON ASISTIRON:

D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE)
Dña.Rosa del Riego Santos (Interventora municipal)

SECRETARIA:

Dña.Susana Gallardo Fariña

Na Casa Consistorial de Baiona, a catro de marzo de dous mil dez, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

O Sr.Alcalde manifesta o pésame da Corporación de Baiona ó Alcalde do Concello de Santa Fé de Granada polo falecemento do seu pai, o que lle transmitirán persoalmente nos próximos días xa que asistirá ós actos da Festa da Arribada.

Por outra banda dá coñecemento de que o Concello de Santa Fé de Granada aprobou por unanimidade de tódolos concelleiros (excepto do representante de Izquierda Unida, quen se abstuvo) apoiar ó Concello de Baiona para solicitar a Declaración de Festa de interese turístico nacional a Festa da Arribada en Baiona; polo que mostra o seu agradecemento ós concelleiros e ó Alcalde de Santa Fé por esta colaboración.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 4 de febreiro de 2010.



EXCMO. CONCELO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde pregunta se hai observacións que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada aprobada por unanimidade a acta do 4 de febreiro de 2010.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

3.- DACION DA LIQUIDACION DO EXERCICIO PRESUPOSTARIO 2009.

O Sr. Alcalde dá conta da devandita Liquidación.

O Sr. Alcalde comenta que se os grupos municipais están dacordo sería convinte tratar **conxuntamente os puntos 4º e 5º**, e que trá-lo debate fariase a votación por separado.

Disculpa á Interventora municipal que se atopa de baixa neste intre, polo cal non pode asistir á presente sesión.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS 1-RE-2010.

O SR. RODAL, PP, procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

De conformidad con el principio presupuestario de especialidad temporal: artículo 176 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, no pueden imputarse a los créditos del ejercicio corriente facturas de otro ejercicio presupuestario ya cerrado, sino es a través de la figura del reconocimiento extrajudicial, prevista en el art. 60.2 del R.D. 500/90.

Las facturas que se elevan al Pleno para su aprobación, son las incluidas en la Relación nº 01-RE/10 correspondiente a las facturas de ejercicios 2007 a 2009 que se detallan en el Anexo y por importe de 306.139,05 €.

Se financian con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales derivado de la liquidación del Presupuesto General de 2009, aprobado por Resolución de Alcaldía de fecha 19 de febrero de 2010

Es por esta razón que elevo al Pleno el siguiente ACUERDO:

-"Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 01-RE/10 por importe total de 306.139,05 €, a favor de los terceros detallados en las relaciones adjuntas y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2009, prorrogado para 2010 y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 02/10."

SR. RODAL, PP.- Como todos han podido ver en los informes, este año ha habido un remanente de Tesorería para Gastos generales de 391.405,15 euros, de los cuales



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

313.198,45 euros serán para pagar las facturas pendientes de años atrasados: 2007, 2008, y 2009, quedando así solamente un importe de 7.178,51 euros que son facturas que entraron por registro en este Ayuntamiento despues del 31 de diciembre del 2009.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO NUM.1-2010.

O SR.RODAL, PP, procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

La Alcaldía ante la necesidad de realizar inversiones para este ejercicio 2010, así como con el fin de poder aprobar las facturas pendientes de los ejercicios 2007 a 2009, y habiendo resultado positivos los datos de la liquidación del ejercicio 2009, es motivo por el cual elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 01/2010 de modificación del Presupuesto de 2009 prorrogado para 2010, mediante crédito extraordinario por importe de **306.139,05 €**

Las causas que justifican la realización de esta modificación son la de dotar de consignación la relación de facturas para reconocimiento extrajudicial nº 01-RE/2010 por importe de 306.139,05 €.

El presente expediente se financia con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales derivado de la liquidación del ejercicio de 2009, y que ha ascendido, según Decreto de aprobación de la liquidación de fecha 19/02/2010 a **391.405,15 €**.

Como consecuencia se eleva al Pleno la siguiente **PROPUESTA DE ACUERDO:**

1º.-Aprobar el expediente de modificación de crédito nº 01/2010, mediante crédito extraordinario por importe de 306.139,05 €, según detalle que figura en el Anexo

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Temos unha modificación presupostaria e un recoñecemento extraxudicial de facturas; o noso grupo vai a seguir na súa tendencia no tema presupostario; o que vimos mantendo nos últimos tempos. Realmente recoñecer extraxudicialmente as facturas é un defecto da política presupostaria, non debe haber nin ún só euro de facturas fora de presuposto; comprometer gastos sen ter dotación presupostaria non é correcto, incluso é un incumprimento da Lei presupostaria; isto significa un gran retraso para moitas empresas que están esperando, incluso dende o ano 2007, para cobrar este diñeiro. Cando un membro da Corporación decide un gasto debe ter a absoluta seguridade de ter a dotación presupostaria necesaria para facer ese gasto; o outro o que significa é a súa dilatación no tempo, o que perxudica á economía de moitas destas empresas.

O exceso de liquidez, o remanente de liquidez que existe neste Concello, facilita que isto se poida aprobar hoxe; senón existira ese exceso de liquidez habería que facer algún tipo de endebedamento, ó que estes provedores seguirían esperando.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vamos a abstermos neste punto; non vamos a votar en contra porque por haber estado no goberno sabemos que as veces é necesario acudir ó recoñecemento extraxudicial; polo tanto non votaremos en contra. Pero quero recordarlle, Sr.Alcalde, que cando nós estivemos gobernando, e vostede estaba na oposición, criticaba



EXCMO. CONCELO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

esta práctica; tivemos que aguantar moitísimas veces as embestidas do Alcalde no ano e medio que nos deixaron gobernar decindo que iso non era maneira de gobernar; pois a que fan vostedes tampouco. Cando nós entramos a gobernar tiñamos unha débeda das anteriores Corporacións tremendamente abultada e tiñamos tamén ós empresarios que non lles fiaban nin unha punta aos funcionarios do Concello de Baiona, os corrían. Vostedes veñen facendo unha política de que hai que pagar ás empresas pero podemos nomear calquera: Givazul, Electrogaifer, etc, empresas de aquí que teñen facturas en débedas causadas pola acción do goberno de vostedes, gobernando con maioría; facturas moi antigas, incluso do ano 2007. Polo tanto, debe tomar notar vostede, Sr. Alcalde, e evitar no sucesivo que estas cousas sucedan, claro que da maneira que fan vostedes política é imposible xa que non se pode explicar que coa maioría absoluta que teñen vostedes, con 9 votos, a día 4 de marzo non teñan os presupostos aprobados; así lle vai a Baiona e ós baioneses, liderando o índice de paro máis alto de toda Galiza.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor posto que é algo lóxico e racional.

SR.RODAL, PP.- O paro en Galicia creo que supone el 13% con respecto a la media nacional, que es por desgracia, de un 18%.

Respecto al remanente de liquidez en la última modificación de crédito del año pasado creo que hemos aprobado facturas de cuando ustedes aún estaban gobernando, hablo de la última; desde que entramos a gobernar hemos estado pagando facturas suyas, del BNG, y también suyas, del PSOE. Ahora que estamos en un momento de crisis es totalmente lógico y ético que las empresas tengan solvencia, por lo tanto veo lógico que si hay un remanente de tesorería pues podamos pagarles, de hecho, en este caso, llegaremos casi al 100% de la facturación; solamente nos quedan estos 7.000 euros y es porque no presentaron las facturas antes del 31 de diciembre; por tanto se ha hecho una buena gestión por parte del equipo de goberno; lo demás son demagogias, Sr.Fernández.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Como decía antes: non debería existir nin ún só euro de facturas para recoñecer; nin ún sé euro. Tampouco é lóxico que na crisis que temos un Concello como éste diminúa a sua débeda do 17% ao 11%; non ten sentido; non ten sentido o exceso de liquidez que existe neste Concello.

Técnica e económicamente, correcto; politicamente é que non se fai nada; é decir, o que decíamos moitas veces: os 17 concelleiros deste Pleno nos levantamos e nos vamos e este Concello segue funcionando perfectamente; iso é o que non é lóxico; non é normal cunha Administración Pública non poña tódala carne no asador tendo marxe de manobra para non facer unha maior política social e de axuda ás familias e empresas de Baiona, non é lóxico. Neste punto, nos vamos a abster.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A min me fai gracia a intervención do portavoz do PP que fala de demagogia; a demagogia señor concelleiro, explíquello vostede á cantidade de baioneses que están no paro, sen cobrar un duro dende fai moitos meses; demagogia sí que é decir que se pretende sacar a Baiona do paro co turismo, iso é demagogia. E é moi positivo que o equipo de goberno trate de desestacionalizar a Baiona, é positivo e vamos a apoiálo nese aspecto, pero o que non é positivo é pretender que co turismo, en época de crisis, é decir, na época onde o turismo vai en picado se pretenda levantar as economías de Baiona, iso sí que é demagogia pura e dura.

Os índices de paro dín que en Galiza hai un 13% ante un 18% do Estado, seguramente que algo terá que ver o goberno bipartito sainte, porque de feito nun ano vostedes non crearon emprego, destruíronlo, e senón pregúntelle vostede a tódolos ós traballadores dos servizos sociais de Galiza, que foron vostedes destruíndolo e privatizando servizos, e así non se resoven os problemas, iso é o que sabe facer o PP: privatizar; e xa sei que me pide que me centre cando non lle gusta o que digo, pero estou moi centrado; estou decindo que esa é a política do PP; e vostede non me dice as cifras do paro en Baiona porque non lle interesa.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Antes a culpa a botaban vostedes ó bipartito da Xunta, resulta que agora xa non é a culpa do goberno da Xunta de Galicia: agora a culpa é do Goberno do Estado; non se poden botar pelotas fora, para resolver os problemas hai que tomar decisións de goberno e vostedes non as toman; toman o que lle interesa e ó resto chámanlle demagogia.

SR.RODAL, PP.- Simplemente decirle al Sr.Fernández que sabrá que el turismo es uno de los sectores que aguantó un poquito la crisis, aunque obviamente sí bajó. Baiona es un referente turístico pero también está sufriendo la lacra de la crisis. Respecto al paro, en Baiona tenemos más gente parada en el sector servicios que no en el sector de la construcción.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do punto 4.-APROBACION, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS 1-RE-2010, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 7 abstencións (5,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

-Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 01-RE/10 por importe total de 306.139,05 €, a favor de los terceros detallados en las relaciones adjuntas y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2009, prorrogado para 2010 y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 02/10.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do punto 5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO NUM.1-2010, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 7 abstencións (5,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

1º.-Aprobar el expediente de modificación de crédito nº 01/2010, mediante crédito extraordinario por importe de 306.139,05 €, según detalle que figura en el Anexo.

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

O Sr.Alcalde explica que por atoparse na sala un grupo de persoas interesadas no tratamento do punto 9.-MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CMÑ E PP RELATIVA Ó CONFLICTO DE FOLGA DA PISCINA MANCOMUNADA DO VAL MIÑOR, procedera á votación da inclusión na Orde do Día do tratamento deste punto 9 agora (en lugar do punto 6, como correspondería).

9.-MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CMÑ E PP RELATIVA Ó CONFLICTO DE FOLGA DA PISCINA MANCOMUNADA DO VAL MIÑOR.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu non estou dacordo con alterar a orde do Día; xa está establecido.

SR.ALCALDE.- E unha competencia do Presidente; decir que se fai simplemente para comodidade da xente que está aquí de pé, penso que non é o máis cómodo. Non é un problema



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

do Alcalde senón que é un tema de persoas que están implicadas nun problema e quen queira pode quedarse ata ó final do Pleno sen ningún problema, e aquela xente que non poida, ou esté incómoda, ou teña que irse, poderá facelo.

Procédese á votación polo Sr.Alcalde da inclusión na Orde do Día do punto 9.-MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CMÑ E PP RELATIVA Ó CONFLICTO DE FOLGA DA PISCINA MANCOMUNADA DO VAL MIÑOR, neste intre, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 7 abstencións (5,PSOE, 2,BNG), polo cal fica aprobado por maioría procedíndose ó tratamento do punto 9.

O SR.ALCALDE cede a palabra ó SR.VILAR, CMÑ, quen da lectura á seguinte:

MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA AO CONFLICTO DE FOLGA EXISTENTE NA PISCINA MANCOMUNADA DO VAL MIÑOR.

O Concello de Baiona como membro fundador da Mancomunidade de municipios do Val Miñor, apoiou e apostou decididamente pola situación da piscina mancomunada en A Ramallosa como punto equidistante dos núcleos máis importantes de poboación da nosa bisbarra.

Ao longo destes 13 anos, na que por parte do pleno da Mancomunidade do Val Miñor, se lle adjudicou por concurso a xestión das instalacións á empresa Servicio, o funcionamento e xestión por parte da devandita empresa foi moi satisfactorio en todas as ordes, incluíndo a do persoal contratado.

Os Concellos do Val Miñor, en principio Nigrán e Baiona, e, agora, coa incorporación de Gondomar, sempre atendemos ás peticións da empresa co obxecto de manter o seu equilibrio económico financeiro, ampliación de ximnasios etc, ao igual que á suba das cotas e, ao aumento do número de socios, especialmente dende a recente incorporación do Concello de Gondomar.

Sorprendentemente, dende hai case dous meses, os usuarios da piscina, como principais afectados, víronse sen a posibilidade de facer uso das devanditas instalacións debido ao conflito laboral existente en toda Galicia entre a patronal que xestiona este tipo de instalacións, entre as que está incluída Servicio, e os seus traballadores.

Ante a persistencia e agravamento do conflito laboral, pola falta de entendemento polas partes, unha vez esgotadas as vías de diálogo e negociación, que razoablemente deben prevalecer nun conflito destas características, o equipo de goberno do Concello de Baiona, en defensa dos intereses dos veciños afectados, propón ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN

1º- Instar a ambas as dúas partes, empresa Servicio e traballadores do Val Miñor, a chegar a un acordo o máis rapidamente posible.

2º-Esixir a apertura inmediata das instalacións e a devolución dos recibos aboados polos usuarios que legalmente correspóndalles, sen necesidade de solicitude previa, de todos os importes dos recibos aboados por parte dos usuarios durante o tempo que permanece a folga.

3º-Polas características propias da nosa bisbarra, instar a ámbalas dúas partes a unha negociación específica de melloras salariais, dentro da legalidade vixente, nos que estean implicados a empresa Servicio Val Miñor, sindicatos e traballadores da piscina mancomunada Val Miñor para que no prazo mais breve posible as partes alcancen un acordo satisfactorio.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

4º- No suposto de que este acordo non sexa posible, propoñer, a instancias do Concello de Baiona, a rescisión da concesión da xestión da piscina mancomunada do Val Miñor, logo de informes favorables por parte dos servizos xurídicos da Mancomunidade do Val Miñor e, no seu caso, licitar novamente a concesión de servizo público da piscina Mancomunada.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta é unha moción que se ben se presenta polo PP e por CMÑ, na Comisión Informativa quedou aberta á posible adhesión á mesma de tódolos grupos políticos; naquel momento houbo portavoces que dixeron que seguramente se adherirían a esta Moción pero ata o día de hoxe non tivemos ningunha proposta para adherirse, polo tanto traemos a Moción tal cal nós a presentamos.

Como poden ver vostedes trátase dunha moción impecable, tódolo que aquí se dí é certo, e por suposto nós abogamos sempre por ese acordo que debe existir entre ámbalas dúas partes, evitar que se enquisten os problemas, porque cando así ocorre non é bó para nadie, nin para os traballadores nin para a propia empresa, e especialmente tampouco para os usuarios; polo tanto presentamos esta Moción ó Pleno con espírito firme pero constructivo xa que é o inicio dunha posible rescisión da concesión á empresa; entendemos que é a primeira vez que un Concello do Val Miñor presenta unha moción deste tipo a un Pleno; ata agora houbo boas palabras, pero nós dende aquí iniciamos un proceso firme e decidido para chegar ata as últimas consecuencias se fora posible. Moitas grazas, Sr.Presidente.

SR.RODAL, PP.- Están aquí una buena parte de las personas implicadas en este proceso y me imagino que estarán muy expectativos a todo lo que aquí se pueda decir, como también se dijo en el Ayuntamiento de Nigrán, y como se dirá en el Pleno mancomunado. Estamos ante un problema muy serio, un problema laboral, de negociación, pero que ahora mismo también es un problema social; yo soy ciudadano de Baiona, soy político, y soy usuario de la piscina mancomunada del Val Miñor. Desde aquí, en esta moción que muy bien ha explicado Manolo Vilar, se apuesta en ciertos puntos, aunque es delicado, estamos hablando siempre, del Val Miñor, creo que el problema principalmente está alargandose porque estamos hablando de un problema autonómico; si realmente el problema fuera solamente con esta instalación pues seguramente ya hace mucho tiempo que se hubiese resuelto; pero aquí estamos hablando de un problema autonómico.

Creo que la oposición también estará de acuerdo, sobre todo en cuanto a la gente implicada, en que tiene que haber una negociación específica con unas mejoras salariales (porque realmente los salarios no están adecuados al trabajo que se realiza), pero nosotros como políticos, y yo me incluyo, tenemos que pensar que se trata de una instalación mancomunada de 3 municipios: Nigrán, Gondomar y Baiona, y que ahora mismo hay 700, 800 usuarios, que no pueden disfrutar de esta instalación; hay gente que está preparando oposiciones, gente que tiene que ir por rehabilitación, etc, y que ahora mismo están sin poder utilizar estas instalaciones.

Entiendo que los que estáis aquí lo haceis por vuestro tema laboral, pero también podreis daros cuenta por el contexto que hay en la sociedad de que tiene que buscarse una solución rápida, y justa para vosotros, obviamente; todas las partes tienen que involucrarse pero vemos que las negociaciones, que creo que la última fue este mártes y no llegó a buen término; hay que intentar buscar una salida rápida a este conflicto; vosotros sois implicados, nosotros somos la parte política, y los vecinos y vosotros mismos nos exigís la parte que podamos tener de responsabilidad, y nosotros sobre todo tenemos que defender a los usuarios de la piscina de la zona de Baiona, aunque sea mancomunada, para que puedan seguir utilizando esas instalaciones, que creo que ya llevais 42 días en huelga. Daros nuestro apoyo en cuanto estáis en una situación cada vez más crítica. Gracias.

SR.LORES, POSE.- Como ben decía o Sr.Vilar a piscina mancomunada é unha instalación importante para o Val Miñor e polo tanto tamén importante para Baiona; dende os seus inicios tódolos Concellos, aínda que houbo algún problema con Gondomar, se volcaron nesa infraestrutura porque entendíamos que ía ser un servizo moi importante para os veciños/as



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que naquel momento carecían dunha instalación dese tipo, non existía, e a día de hoxe é a única que existe nos 3 Concellos. Tanto de Nigrán, como de Baiona, como últimamente de Gondomar, son moitos os veciños que van alí tódolos días ás distintas actividades; a valoración que temos tanto dende os propios Concellos, como dende os veciños, é que as actividades e os servizos que alí se dan son bós; unha boa calidade dos servizos e tamén unha boa calidade nas instalacións, a única pega que temos todos é que está moi masificada e quizás esta infraestrutura nestes intres xa non dé para cubrir tódala demanda existente no Val Miñor, pero ninguén, nin por parte dos Concellos, nin por parte do goberno, nin por parte dos veciños, houbo ningunha queixa cara ós servizos ou cara á atención que nestas instalacións se estaban dando, polo tanto debemos entender que a calidade dos servizos e dos traballadores é boa e que hai que procurar seguir mantendo esa calidade; isto por suposto leva consigo que por parte da empresa e tamén por parte dos Concellos se esixa que os traballadores estén nas mellores condicións tanto económicas como do seu posto de traballo.

O grupo socialista, xa no anterior Pleno truxo aquí a esta mesa esa inquedaanza que tiñan os veciños e tamén os traballadores, e que hoxe se transforma nunha Moción, por un erro de procedemento esquecémonos de sumarnos pero estamos totalmente dacordo coa Moción e vamos apoiála. Decir simplemente que os traballadores merecen un recoñecemento e os veciños merecen o servizo que se está a prestar, polo tanto pórnos ó lado dos veciños que necesitan unha boa atención e que urxen que se abra; unha, pola situación laboral, pero fundamentalmente pola razón do servizo que é o obxectivo desta infraestrutura. Apoiamos esta Moción solicitando que o conflito laboral se resolucione da mellor forma e esixindo que esta infraestrutura se abra e preste o servizo para o cal foi creada.

Quixera comentar algo en canto á redacción da Moción porque dámos a impresión de que os puntos 1 e 3 desta Moción poderíanse xuntarse, ou eliminar o 1º e quedar co 3º, porque nos dous se pide un acordo pero no 3º se pide cunhas características moi concretas; pero estamos totalmente a favor desta Moción como xa fixemos no Pleno anterior e que tódala Corporación manifestouse a favor deste tema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Escoitei a exposición do portavoz do CMÑ, ún dos grandes promotores da piscina mancomunada, todo hai que decílo; o Sr.Vilar foi Alcalde durante moitos anos e ata que non conseguiu a piscina non parou; pero dí que esta moción dí todo verdades, e non é así, aquí se está mentindo; vou a leer o parágrafo que vostede leuí: *"Ao longo destes 13 anos, na que por parte do Pleno da Mancomunidade do Val Miñor, se lle adxudicou por concurso a xestión das instalacións á empresa Serviocio, o funcionamento e xestión por parte da devandita empresa foi moi satisfactorio en todas as ordes..*, (mentira, iso é mentira), *"...incluíndo a do persoal contratado"*, ahí sí estamos dacordo.

Eu non sei si vostede se acordará que a finais da anterior lexislatura, eu, como portavoz do BNG, levei unha proposta á Mancomunidade do Val Miñor decindo que denunciabamos o abuso de SERVIOCIO cos seus traballadores, e a explotación indiscriminada que estaban facendo; e a piscina funcionou como funcionou grazas ós profesionais que alí habia, pero non a SERVIOCIO, e dixen iso e o expliquei porque unha familiar miña estivo alí traballando e durou 3 días, pola explotación á que estaba sometida, ós horarios e o baixo salario, cun contrato de 4 horas traballando 8 ou máis, iso sucedeu e se dixo no Pleno da Mancomunidade e non se tomaron medidas ningunhas. Esa á a arealidade de SERVIOCIO, como a de tódalas empresas que se adican a xestionar servizos públicos privatizados; e temos criticado neste Pleno moitísimas veces que a solución non é privatizar servizos públicos; esa é unha solución fantástica para que o concelleiro de turno cobre o salario de fin de mes e non pegue nin branca, esa é a solución para comodidade do político; pasou con Espina e Delfin, pasou cos servizos do Pavillón Deportivo, e pasa con todo, e o principal promotor é o PP; é a teima deles; xa nos enteramos de que o Centro de Día tamén se vai a privatizar por parte da Xunta; tamén queren vostedes privatizar o novo hospital de Vigo; o privatizan todo; e din vostedes que a xestión privada funciona mellor que a pública, que a que fan vostedes, que a xestión pública que fai o PP; pero tamén temos denunciado que as empresas non veñen aquí porque sí, veñen a gañar diñeiro, senón non veñen, non hai empresa que se quede senón é



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

para ganar cartos a non ser que esté relacionada co narcotráfico, que non é o caso. E se os servizos se privatizan ten uns custos, e a eses custos hai que engadirlle os beneficios das empresas, e polos datos que eu teño SERVICIO anda nun 20% de beneficios, case nada, cando tódalas empresas andan nun 10 ou 15% SERVICIO anda nun 20%, iso dalgún sitio sae, sae de exprimir ós traballadores; cando fai uns anos na época das vacas gordas os empresarios nos decían ós traballadores que había que apretar o cinto, agora que estamos malos resulta que hai que apretar o pescozo ós traballadores porque xa non hai onde apretar. Polo tanto, señor Rodal, non lle pida ós traballadores que fagan un esforzo; non poden cobrando 700 euros ó mes; non poden facer un esforzo; si tiveran salarios de 2000 ou 3000 euros ó mes sí podería pedirillo, pero non é o caso, e preguntelle a eles cantas horas traballan, pero a eles, non á empresa.

Polo tanto nós non estamos dacordo con esta redacción; si podemos estar máis ou menos dacordo coas propostas pero nos gustaría que nos aceptaran unha enmenda, o punto 3 deberamos sustituílo decindo: "O Pleno expresa a solidariedade do Concello de Baiona coas demandas dos traballadores no sentido de que se dignifiquen os seus salarios e garanta unha xornada de traballo que permita conciliar a vida persoal e laboral destes traballadores; isto é importantísimo; agora todo o mundo saca a relucir a conciliación da vida laboral e familiar, e todo o mundo queda agradecidísimo con estas propostas, menos á parte empresarial; á parte empresarial lle importa ben pouco se unha familia está estruturada ou desestructurada, o único que lle importa é encher o peto; e cando a filosofía da empresa é ésta ó final prodúcense os conflitos laborais.

Esta é unha proposta que deben aceptar porque esa debe ser a liña, os salarios que están establecidos deben permitir ás familias ser familias; e vostedes que tanto pregonan e van ó Vaticano empecen pola base, empecen por ahí; a xente necesita estar coa súa familia. Hai que pedirlle á empresa que resolva o problema, e senón o resolve haberá que ir ó Prego de Condicións e presionar, non sei se xuridicamente se pode rescindir o contrato; senón resolve o problema temos que esixir paso a paso que a empresa cumpra coa súa obrigaón.

Sr.Alcalde, pediríalle que nos aceptaran esta enmenda para sustituíla polo punto nº 3, para recoller a solidariedade do Concello cos traballadores porque está xustificadísimo que a día de hoxe con 713 euros unha familia non pode ir adiante; apoiálo e apoiar tódalas demandas que está facendo o colectivo de traballadores porque a verdade é que non son demandas desorbitadas para os tempos nos que estamos. Pediría que incluíra esta enmenda en sustitución do punto nº 3. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Algo que me satisface enormemente é que cando nós puxemos a andar a piscina mancomunada (pola que loitamos moito) se crearon moitos postos de traballo; este un aspecto importantísimo: que exista hoxe en día na piscina mancomunada do Val Miñor un número de traballadores cun posto de traballo, nos tempos que corren; porque dispór dun posto de traballo hoxe en día é un privilexio. Outra historia é que se debata si hai que subir eses salarios. Por mín encantado de que os traballadores dupliquen o soldo, si é posible, por mín encantado; pero o que sí é certo é que nós, os Concellos, non somos empresas que podamos asumir unha importante masa de traballadores, non podemos porque entón para entrar como funcionarios nun Concello habería que facer unha selección previa que posiblemente fixera que moitos dos traballadores que hoxe están na piscina non poidesen estar posto que sería con publicidade e con exámenes. Pero esa non é a nosa liña; a nosa liña é seguir mellorando as instalacións deportivas; en Baiona temos o proxecto de facer unha nova piscina, e por suposto QUE a xestión das piscinas ten que privatizarse, pero non aquí senón en tódalas partes do mundo, iso é fundamental; outra historia son as relacións que poidan existir entre a patronal e os traballadores e os sindicatos, nós ahí non podemos entrar.

Mire vostede, Sr.Fernández, como responsables neste tema, en defensa dos usuarios e en defensa de todos, decirlle que existe un acta da xuntanza do Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia do 28 de xaneiro onde tódalas parte chegaron a un acordo;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

chegaron a ese acordo a Patronal, os Sindicatos, e os propios traballadores; hai un acordo en concreto.

SR.ALCALDE.- Este é un punto moi importante, pero temos que deixar falar ós portavoces municipais, é indispensable porque senón podemos falar, non poderemos debater e non poderemos votar. Tratamos de resolver un conflito importante para todos; polo tanto pido respecto porque senón non poderemos continuar co Pleno e iso sería un erro para tódalas partes; estamos tratando de buscar solución a un problema serio; dende a parte que nos corresponde, a nós, como Pleno do Concello de Baiona, para a piscina mancomunada; pido respecto para poder debater e que os portavoces podan expresar o que consideren; para elo é necesario silencio por parte das partes.

SR.VILAR, CMÑ.- Vou a leer a acta da xuntanza do Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia:

"En Santiago de Compostela, sendo as 16,30 horas do día 28 de xaneiro do 2010, na sede do Consello Galego de Relacións laborais, reúnense as persoas a continuación sinaladas:

Pola parte empresarial: D.Ignacio Pintos Clapés, D.Jose Luis Parada González, D.Miguel Seisdedos López, Dña.Alba Costoya Novo, Dña.Belén Pumares Gómez, D.Gonzalo Anqueira Quintas, e D.Jose María Tutor.

Pola parte Sindical: D.Pedro Beade Roel, D.Manuel González Pidre, D.Nicolás Marcos Hidalgo, D.Benito Guimeráns Rodríguez, e Dña.Teresa Pérez Pardo, en representación de FSC-CCOO de Galicia.

D.Alejandro Expósito Alonso, D.Antonio Rodríguez Alvarez, D.Francisco Pereira González, D.Juan Lagarda Fernández, Dña.Maria del Carmen Morales Sánchez, e D.Jose Manuel Mariño Lorenzo, de FES-UGT.

D.Pablo Muíños Reboredo, D.Jose Luis Casal Lamas, D.Juan Vicente Montero Naveira, D.Xose Lois Martín Freire, D.Francisco Javier Losada Pérez, D.Leonardo Ortigosa Levaggi, D.Juan Galdo Regueiro, e D.Adrián Cunha Veira, de CIG.

Asiste á xuntanza o Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, D.Demetrio Fernández López, e D.Celso Araujo Castro, funcionario do mesmo Consello.

Abrese a xuntanza coa intervención dos representantes sindicais presentes na Mesa, por medio da que fan unha valoración da proposta entregada pola parte empresarial a través do documento de traballo entregado na xuntanza mantida en data 27.01.10.

Feitos os oportunos recesos e logo dun novo intercambio de propostas polas partes, faise unha última proposta pola parte empresarial:

- *Vixencia.- ata o 31 de decembro de 2013.*
- *Xornada de traballo.- reducir a 39 horas no ano 2010, e a 38 horas no ano 2012.*
- *Distribución irregular da xornada.- eliminar a distribución irregular para os contratos inferiores a 30 horas semanais.*
- *Incapacidade temporal.- abono do 85% a partir do cuarto día.*
- *Salario.- chegar a 1 de xaneiro do 2013 ás seguintes cuantías:*
 - o *Grupo 3.1.- 999 euros + 50 euros de plus de transporte.*
 - o *Grupo 3.2.- 950 euros + 50 euros de plus de transporte.*
 - o *Grupos 4 e 5.- 918 euros + 50 euros de plus de transporte.*

Esta proposta acéptase pola parte sindical condicionada aos seguintes puntos:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- *Ratificación nas assembleas de vénres e sábado.*
- *Compromiso de seguir negociando os aspectos relativos á garantía ad personam e o resto de aspectos pendentes, de boa fe, a partir do lúns, día 1 de febreiro, as 17.30 horas. Mentres dure ese proceso negociador suspenderíase a folga convocada a partir do citado lúns, para seguir negociando ata chegar a un acordo.*

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza sendo as 22.10 horas, no lugar e data arriba sinalados, asinándose polas partes en proba de conformidade”.

Repito que aquí hai un principio de acordo; que creemos que se os Sindicatos firman este principio de acordo pode seguirse ahí; pero nestes momentos, en defensa dos usuarios, nós dende o Concello de Baiona pedimos que se abran as instalacións e que se siga co proceso negociador; unha cousa non ten que ver coa outra porque posiblemente nos metamos nunha espiral que nadie desexa.

Avogamos polo acordo, avogamos pola estabilidade nos postos de traballo, e avogamos por tódalas melloras posibles, pero sabemos que se pode chegar ata onde se pode chegar; e creemos que neste caso hai que chegar a acordos, que é o que está reclamando todo o mundo.

En canto ao que vostede pón aquí sobre privatización sí, privatización non; mire, Sr.Fernández, todos sabemos que hai servizos nos Concellos que non hai máis remedio que privatizar, e vostede sabe que algúns servizos que temos en funcionamento en Baiona posiblemente sexamos dos poucos Concellos que non os temos totalmente privatizados; non é de casualidade. Vostede é o típico político demagogo a quen lle traiciona o seu temperamento; e non olvide que cando vostede tiña responsabilidades de goberno foi tan irresponsable que collía unha pala e a mandaba a traballar a destaxo a terreos privados, esa é unha realidade. Tamén lle podo falar da cantidade de facturas que quedaron sen pagar porque vostede non pensaba en que os presupostos son os que son, e as limitacións dos Concellos tamén son as que son.

Xa levamos moito tempo na política e nadie nos vai a impedir que sigamos apostando pola construción de máis instalacións deportivas; nin que sigamos apostando pola construción dunha piscina en Baiona; nadie nolo vai a impedir porque iso xenerará máis postos de traballo, iso é o máis importante.

Creo que na situación na que estamos nadie defende unha situación de folga, nadie; e nós esiximos a tódalas partes que se remate esta situación de forma que se cheguen a acordos pola vía racional coas melloras que sexan posibles facer, que se cheguen a acordos; porque nós cando adxudicamos una concesión, neste caso á empresa SERVIOCIO, foi da piscina mancomunada do Val Miñor, polo cal, a poder ser, que estas negociacións se fagan no ámbito do Val Miñor; e tamén é certo que non tódalas piscinas son iguais de rentables que a do Val Miñor; existen outras en zonas menos rentables que a nosa e evidentemente para cunha instalación sexa rentable ten que ser usada polos usuarios.

Eu son socio da piscina, socio familiar, pero apenas a uso; me gusta nadar pero teño un traxe de neopreno e vou ó mar, vou pouco ás piscinas; e pode ser cun traxe de neopreno sexa máis barato cun mes dun abono familiar, pode ser; vostede vai a Decatlón e sae máis barato, eu lle recomendo a calquer persoa que lle guste nadar que nade no mar porque é moito máis asequible.

Lles esixo a vostedes un respecto, entre outras cousas polo que representamos, polo que estamos facendo; esixo un respecto a persoas como a mín e outros políticos que no seu día apostamos pola construción da piscina que agora é o seu punto de traballo. O que estamos facendo aquí é defender un acordo; e sei que a algúns de vostedes lle están facendo un flaco favor o colectivo; teñen que pensar vostedes que non todos pensan como os que máis gritan nunha assemblea de traballadores. Repito, en defensa dos usuarios, lles esiximos que se reintegren ós seus postos de traballo, que abran a piscina e que se reanude dunha vez por todas a actividade na piscina mancomunada. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

(Sendo as 13 horas se suspende a sesión plenaria, reanudándose as 13,05 mnts.)

SR.ALCALDE.- De lo que se trata aquí es de buscar soluciones entre todos, eso es lo que queremos; no busquemos enemigos donde no los hay, por eso yo hago este receso, porque no me gustaría tener que suspender el punto y tener que hacer el debate a puerta cerrada; creo que no sería bueno. Lo que tenemos que hacer es construir entre todos; lo que decíamos al principio: hay un problema importante, serio, de servicio, de personal, que afecta a muchas familias, a los trabajadores y a los usuarios, y tenemos que buscar una solución. Lo que pretende el Pleno de Baiona es tomar acciones, más de las que hasta ahora se han tomado; ir un paso más allá, porque entendemos que hubo aproximaciones pero todavía non son suficientes; y desde luego lo que debe primar es ese acuerdo. Desde aquí vamos a hacer todas las presiones necesarias para que ésto llegue a buen término y en el menor tiempo posible; por lo tanto lo que sí les pido (no ha habido ninguna restricción de entrada y estamos encantados de que puedan estar aquí, aunque desgraciadamente, y tengo que pedir disculpas, las condiciones no son las mejores) es un debate tranquilo de nuestras ideas y poder utilizar lo que aquí se apruebe para ayudar a resolver el conflicto, este conflicto que nos preocupa a todos y por eso hoy estamos hablando de él. Les agradecería de verdad que podamos rematar con tranquilidad la discusión de este punto del Orden del Día.

SR.RODAL, PP.- Sr.Vilar, por una vez estoy en contra suya: los trajes de neopreno bajaron mucho pero no como el bono familiar; lo digo porque yo tengo bono familiar y tiene un precio bastante reducido, sin embargo los trajes de neopreno bajaron mucho pero no tanto.

Sr.Fernández, no se si usted es usuario de la piscina ó no, pero está claro que todos queremos una solución para este problema, esta gente no va a estar siempre así y obviamente el servicio tiene que prestarse a los usuarios. Antes, en el primer punto del Orden del Día yo le hablaba de demagogia y es que usted lo acaba de hacer ahora: tenemos un público aquí que quiere oír algunas cosas y es muy fácil que yo le diga que les vamos a subir el doble su salario; usted hace como Zapatero, y no quería nombrarle, pero usted comenta lo que quieren escuchar. Usted lleva mucho tiempo en política, usted está en el Pleno de la Mancomunidad y esto que les acaba de decir a ellos nunca lo comentó en ese Pleno; cuando hubo hace poco una subida de 2 euros en el precio de las tasas a los clientes usted no comentó nada de que la subida repercutiese en los salarios; no recuerdo que usted defendiese eso; ahora sí lo defiende porque están aquí los trabajadores delante, claro, es normal, lo que diga lo van a aplaudir; siempre hace lo mismo, según a quien tenga aquí; no es culpa de ellos; ese es su papel, usted está en la oposición; antes estaba gobernando en Gondomar el Bloque, el Sr.Araujo, que lo hizo muy bien; y en Nigrán hay un bipartito y también están de acuerdo con que hay que buscar una solución.

Decía antes usted, no se si es cierto ó no el dato, de que hay un 20% de rentabilidad de la empresa, claro que una empresa tiene que tener rentabilidad; usted decía que era porque exprimía a los trabajadores, no me gusta esa palabra pero entiendo que los trabajadores que están aquí tienen que tener una calidad de vida mejor, como usted decía, en sus familias y en sus hogares, y también un salario digno; la mejora laboral que sea legal. También creo que la empresa, SERVIOCIO en este caso, posiblemente también tenga ese 20% de rendimiento debido a que hizo unos cambios en la infraestructura y tiene más clientes, y esos clientes también repercuten en ese 20%; eso no le representa nada a ellos, obviamente cada uno defiende lo suyo; ellos defienden su jornada laboral, sus horas, y su salario. Nosotros, en esta moción, decimos "apostamos por eso", pero también tenemos que ver la otra parte que son nuestros usuarios. Ojalá que hoy esta moción (estamos hablando de un municipio como es Baiona, con 12.000 habitantes) valiese para que mañana se desconvocase todo a nivel autonómico; ojalá, ojalá que nuestro Alcalde tuviese esa fuerza para que mañana, gracias a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que aprobemos ésto en Pleno, se desconvocase la huelga. Ojalá por ellos, y ojalá por todos nosotros, y yo el primero en alegrarme como usuario de la piscina.

SERVICIO es una empresa privada y está haciendo un servicio, y no lo hace bien del todo pero tampoco lo hace mal, y muchos de los trabajadores que están hoy aquí así lo dicen; otra cosa es el tema salarial, y eso, aunque aquí lo apoyemos, es un tema de otra índole y tiene un rango superior.

Usted como siempre habla de demagogias y de privatización, pero quiero recordarle que cuando ustedes entraron aquí a gobernar metieron 4 empresas en el servicio de limpieza, privatizadas; qué me viene a decir ahora de privatización. Lo que queremos es un buen servicio para nuestros usuarios; para estas 800 personas que van todos los días a la piscina y al gimnasio, que tengan una buena calidad, y queremos que los trabajadores estén contentos porque si ellos lo están, dignamente, el servicio que prestan repercutirá en los usuarios; porque si la persona que está en recepción que dá los buenos días todos los días tiene un salario digno pues me lo dirá con una sonrisa, probablemente; y el monitor del gimnasio igual, y el de la piscina, como pasa en cualquier trabajo; si una persona está dignamente asalariada pues ofrece un trato mejor; y eso es lo que pedimos: que funcione la empresa, que funcionen los trabajadores, cuyo deber es estar allí trabajando, con calidad; y que los usuarios podamos disfrutar de la piscina porque aunque tenemos una bahía preciosa no a todos nos gusta nadar como al Sr.Manolo Vilar. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Aquí estése a falar de que o servizo é bó, ten que seguir sendo bó e para elo es imprescindible que as condicións de traballo dos empregados da piscina sexa boa. A nós parécenos ben que o Pleno manfeste a súa solidariedade e a súa preocupación pola situación laboral e salarial dos traballadores porque entendemos que un servizo público non pode funcionar ben, non pode dar un bó servizo ós veciños, se as condicións de traballo nas que se desenrolan as actividades non son boas.

Indudablemente, por parte dos Concellos e da Mancomunidade, sabemos que non dependen directamente de nós, pero sí podemos presionar pola vía dos contratos. Non vamos a discutir agora a privatización ou non dos servizos, pero sí temos claro que os Concellos, as institucións públicas, teñen que presionar ás empresas privadas para que o servizo se manteña con calidade e para que iso ocorra necesariamente os empregados que prestan realmente o servizo teñen que estar nunhas condicións boas de traballo e de salario, ata agora este servizo mancomunado podemos decir, sen ningunha dúbida, que foi bó; eu non si que está ocorrido nas outras instalacións da Comunidade Autónoma, non teño nin idea de como están a desenvolver o servizo noutras instalacións que esté SERVICIO ó cargo delas; o que sí podemos decir é que a piscina mancomunada do Val Miñor, de Ramallosa, dos 3 Concellos, está funcionando moi ben, e ¿porqué?: porque os empregados, tódalas persoas que alí traballan están facendo un bó traballo; e si están facendo un bó traballo o normal é que por parte das Administracións Públicas se esixa tamén á empresa que manteña esa calidade de servizo e polo tanto que responda cuns salarios dignos e cunhas condicións de traballo boas, porque supoño que no soamente estarán falando dun tema salarial senón tamén dun tema das condicións de traballo.

Como decían antes, dende os Concellos tamén temos que velar para que o servizo se manteña; nós tamén vamos a apoiar que se presione á empresa para que ou abra a piscina ou se lle rescinda o contrato, porque indudablemente non podemos ter un contrato cunha empresa que non nos funciona. Si a solución pasa por subirlle os salarios ós traballadores, pois que llos suban, indudablemente; pero nós temos que esixirlle non ós traballadores, senón á empresa; polo tanto a nosa proposta é presionar á empresa para que isto funcione; os traballadores teñen a súa xusta reivindicación, que nós tamén apoiamos sen ningunha dúbida.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, me alegro que haxa levado a cabo vostede o receso porque evidentemente se tranquilizan os ánimos; e aparte de que se seren en os ánimos creo que vostede deba de procurar, pedir ós portavoces sobre todo, que non provoquen; pedirlle



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

silencio non a unha parte do público senón a todo o mundo; é certo que na sala hai que estar en silencio escoitando ós portavoces; digo isto porque a veces hai no público membros do seu partido que insultan e amenazan e vostede non fai ningún caso.

Sr.Rodal, os traballadores están hoxe aquí defendendo a xornada laboral, o salario, e o seu posto de traballo; e Sr.Vilar, non hai que facer postos de traballo: hai que facer e hai que xerar postos de traballo dignos, non en precario; é un dereito constitucional que nos ampara a todos.

Me acusou vostede de privatizar o servizo da limpeza, nada máis lonxe da realidade; e por certo, vostedes esperaron dous meses a presentar esta moción porque se trata dos traballadores da piscina, se chegan a ser os empregados da limpeza dunha empresa subcontratada ós 3 días empezan a saltar as bolsas de basoira por tódolos lados e vostedes apresurariáanse a resolvélo; non lle importan nin os traballadores nin os usuarios, o que lles importa é a súa imaxe, iso é o que lles importa; non veñan vostedes agora de defensores das clases obreiras, o mundo ó revés.

Di vostede que é bó que cando vai á piscina municipal o reciba un traballador ou unha traballadora cunha sonrisa na cara, claro que sí; pois miren vostedes, se lle aceptan o orzamento seguramente tódolos que están aquí lle van a pór unha sonrisa de orella a orella, ¿sabe porqué?, porque van a poder comer tódolos días; estamos falando de salarios de 713 euros; e me pode acusar de demagogo, sí, pero vostedes, o equipo de goberno, aprobaron salarios neste Concello de funcionarios e funcionarias de máis de 4.000 euros ó mes, vostedes; nós non.

Sr.Vilar, non é un privilexio ter un posto de traballo, é un dereito constitucional que temos todos; e non me veña a falar de pedirilles esforzo, iso é provocarlles; non teñen que facer esforzo ningún, teñen que pelexar por un soldo digno, e eu non estiven na mesa de negociación nin teño ese documento que ten vostede, o que sí sei é que a proposta dos traballadores é que ata o 2012 o salario suba a 1.000 euros ó mes; e por suposto o BNG se solidariza con todos eles porque creemos que é xusto que de aquí ó 2012 cobren 1.000 euros ó mes, para poder chegar a final de mes a duras penas.

Vostede tamén me acusou (e quen non sepa da historia se pode creer que é certo) de contratar unha pala para Baredo fai 3 anos e pico, concretamente cando o PP e CMÑ botaron cunha moción de censura en novembro do 2004 á coalición do PSOE e BNG, e eu era o concelleiro de Vías e Obras; efectivamente, 2 días antes, o día 11 de novembro, creo recordar, eu contratei unha pala para Baredo, e o día 15 llo comuniquéi para que tomaran as medidas oportunos; na mesma data o Presidente de Montes ou do Centro Cultural, que todos coñecemos, viu a falar co Alcalde a decirlle que había unha pala traballando no Centro Cultural de Baredo, e ¿qué pasou? que se deron conta de que había unha pala traballando a finais de novembro, e claro, o propietario da pala pasou unha factura de máis de 18.000 euros pola pala, cousa que a ver como fan para pagála porque iso sería ilegal porque ademais anotaron as obras sen control de ningún tipo; polo tanto Sr.Vilar, o día 13 de novembro ó concellal de Vías e Obras o cesou vostede levantando a mán cunha moción de censura, e resulta que o día 14 o concelleiro de Vías e Obras era o Sr.Vilar, que era quen tiña que estar pendente da pala; hai que explicar todo, non as verdades a medias.

Tamén presumíu de que queren vostedes máis instalacións deportivas, claro, como a que van a facer en Sabaris, privatizada; outro éxito máis do PP e CMÑ. Con respecto ó traxe de neopreno claro que para vostede é barato co soldo que teñe pero para un traballador da piscina é imposible porque teñen que comer; Sr.Vilar, non se entera: están gañando 713 euros ó mes, gañan unha miseria; polo tanto non veña vostede a provocar ó público.

En canto á enmenda que fixemos non é desorbitada, e por certo non me contestou ninguén á nosa enmenda; creo que todos queremos que o problema se resolva e que a vida laboral e familiar dos traballadores se dignifique. Quero dicir unha cousa que esquecei na primeira intervención, dicir que o BNG estivo pendente dende o primer día deste conflito e que botamos de menos que o representante dos traballadores, ou incluso os traballadores, non tiveran unha reunión co BNG ou cos demais grupos políticos, sí a tiveron co Alcalde, pero non con tódolos grupos políticos; e podedes dicir ¿e porqué non viñedes vós?, pois non o fixemos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

porque a experiencia nos dí que nestas ocasións debemos esperar a que nos chamen porque as veces vamos a sitios onde non nos chaman e nos dan coa porta nas narices. Polo tanto, botamos de menos que non nos convocaran porque nós estamos aquí para defender os intereses dos veciños, sexan do cór político que sexan, e nos pagan por élo, todos os que estamos aquí cobramos por estar aquí, e nos presentamos a unhas eleccións para resolver os problemas que aparezcan na comunidade.

Pediría ó grupo de goberno e ós compañeiros da oposición que apoiaran esta proposta porque non vai en contra de ninguén e creemos que é fundamental expresar a nosa solidariedade cos traballadores; pedir que se resolvan os problemas económicos e tamén do ámbito familiar; que se resolvan os horarios abusivos que poida haber na empresa; e o decimos porque mocións parecidas a ésta se están presentando por toda Galiza, e os traballadores que están aquí están tamén noutros Concellos de Galiza, e tamén se ten aprobando esta moción, ou sexa, non hai unha singularidade especial de que o Concello de Baiona apoie esta enmenda que non ten ningunha excepcionalidade para que non se faga; e como o movemento se demostra andando estou seguro que vostedes van apoiar a enmenda que lle acabamos de facer, non hai motivo ningún para que non o fagan.

SR.VILAR, CMÑ.- A moción non ten nada en contra dos traballadores senón tódolo contrario: é unha defensa para que se chegue a un acordo o máis rápidamente posible: ¿qué é o que vamos a aprobar?: 1º punto "*Instar a ámbalas dúas partes, empresa SERVIOCIO e traballadores do Val Miñor, a chegar a un acordo o máis rapidamente posible*"; é o que está reclamando todo o mundo, todos queremos isto.- "2º-*Esixir a apertura inmediata das instalacións e á devolución dos recibos aboados polos usuarios que legalmente correspóndalles, sen necesidade de solicitude previa, de todos os importes dos recibos aboados por parte dos usuarios durante o tempo que permanece a folga*", isto é unha esixencia da sociedade en xeral, é un punto impecable, ninguén pode estar en contra de iso.

O punto 3º (que hai que valorar que non tódalas piscinas son iguais e polo tanto nós nos centramos na nosa, na de Ramallosa, na da Mancomunidade do Val Miñor) di: "*Polas características propias da nosa bisbarra, instar a ambas as dúas partes a unha negociación específica de melloras salariais, dentro da legalidade vixente, nos que estean implicados a empresa Serviocio Val Miñor, sindicatos e traballadores da piscina mancomunada Val Miñor para que no prazo máis breve posible as partes alcancen un acordo satisfactorio*". Este punto está moi reflexionado e adaptado á realidade da nosa piscina, porque repito: non tódalas piscinas son iguais; e unha piscina que teña tantos usuarios e funcione igual de ben que está funcionando a do Val Miñor, funciona ben polo traballo de todos: dos traballadores, da organización da propia empresa, de todos, e polo tanto nós instamos a chegar a un acordo; e si a Mancomunidade pode pagar un complemento maior á das outras piscinas porque efectivamente hai unha rentabilidade maior, fágase; é dicir, nós estamos nun proxecto de mellora salarial realista, adaptado á nosa bisbarra, ós nosos traballadores.

Punto 4º: "*No suposto de que este acordo non sexa posible propoñer, a instancias do Concello de Baiona, a rescisión da concesión da xestión da piscina mancomunada do Val Miñor, logo de informes favorables por parte dos servizos xurídicos da Mancomunidade do Val Miñor e no seu caso licitar novamente a concesión de servizo público da piscina Mancomunada*".

Estes 4 puntos son impecables, van en defensa dos traballadores, do acordo, da mellora salarial, en defensa dos intereses de todos; e temos que ter as ideas claras, a firmeza suficiente para defender o que temos que defender; lonxe de presións de ningún tipo, é moi difícil que aos nosos anos nos metan presións, porque o importante é defender e facer viable unha instalación deste tipo; entendemos que a motivación que se fai aquí é correcta; soamente quero corrixir nesta Moción en vez de 13 anos pór 9, que parece ser que é o tempo que leva a adxudicación, que por certo, o BNG no Pleno da Comisión Informativa, o seu portavoz, despois de leéla estaba incluso disposto a defendéla, o que pasa é que o Sr.Fernández é un demagogo, todos sabemos como é, e algunhas veces fala do que lle interesa, e as veces hai que ser realistas; eu prefiro aqueles políticos que dicen as verdades,



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

que aguantan a presión e que non se deixan levar por bandazos como habitualmente nos fai o Sr.Fernández; creo que flaco favor se lle fai ós traballadores cando como fai vostede se intenta utilizar a demagogia; nós defendemos outro tema, a realidade e a legalidade, por suposto; nesa liña, porque non pode ser outra, para iso temos nós responsabilidade de goberno, por iso cada ún está onde está, e hoxe en día Baiona é un Concello que está ben gobernado. Sr.Presidente, mantémos a Moción como está.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, decirlle que vostede insistindo na resolución simplemente do que é o Val Miñor está rompendo a unidade sindical e iso pode ser perigoso. Mire, os empresarios teñen uns ingresos dun 20% de beneficios e os traballadores o que gañaban fai 3 ou 4 anos era para poder comer, non para aforrar; polo tanto quen aguanta é o empresario, non o traballador; ó traballador, cada día que está de folga, lle sacan do seu salario. Polo tanto vostede, con esta iniciativa, pode provocar unha ruptura sindical; alomenos asumir que está dacordo con esa situación; creo que iso é malo.

SR.VILAR, CMÑ.- Os novos Convenios colectivos que marcan os futuros pactos laborais parten polos propios convenios individuais de cada empresa, porque evidentemente hai empresas que sí poden mellorar os salarios e ao mellor si se fai en colectivo non; por iso lle digo que esté tranquilo que a unidade sindical por iso non se vai a romper, pero é que é algo polo que están avogando os propios Sindicatos, que cada empresa según suas posibilidades teña as suas melloras, iso é o razoable en calquer economía moderna.

SR.ALCALDE.- Se presenta esta Moción en el Val Miñor por primera vez pero espero que en los otros Concellos, y sobre todo en el Pleno próximo de la Mancomunidad, si esto no se resuelve, se volverá a presentar. En esta moción tratamos de recoger los puntos sensibles, que es lo que se buscó desde un principio, tratando de evitar conflictos. La experiencia me dice que cuando se está una hora y media discutiendo es que se va a votar por unanimidad; aunque a veces haya que poner una voz disonante porque somos diferentes el asunto es tratar de resolver un problema importante; tenemos, desde el Concello de Baiona, que poner todo de nuestra parte, y en todas las instancias donde estamos representados también lo haremos.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da enmenda presentada polo BNG, resultando: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ); polo cal rexeitase a enmenda do BNG.

Procede o Sr.Alcalde á votación da MOCION, resultando: votos a favor, 14 (8,PP, 1,CMÑ, 5,PSOE); producíndose 2 abstencións, do BNG.

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

1º- Instar a ambas as dúas partes, empresa Servicio e traballadores do Val Miñor, a chegar a un acordo o máis rapidamente posible.

2º- Esixir a apertura inmediata das instalacións e a devolución dos recibos aboados polos usuarios que legalmente correspóndalles, sen necesidade de solicitude previa, de todos os importes dos recibos aboados por parte dos usuarios durante o tempo que permanece a folga.

3º- Polas características propias da nosa bisbarra, instar a ámbalas dúas partes a unha negociación específica de melloras salariais, dentro da legalidade vixente, nos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que estean implicados a empresa **Serviocio Val Miñor**, sindicatos e traballadores da piscina mancomunada **Val Miñor** para que no prazo mais breve posible as partes alcancen un acordo satisfactorio.

4º-No suposto de que este acordo non sexa posible, proponse, a instancias do Concello de Baiona, a rescisión da concesión da xestión da piscina mancomunada do **Val Miñor**, logo de informes favorables por parte dos servizos xurídicos da Mancomunidade do **Val Miñor** e, no seu caso, licitar novamente a concesión de servizo público da piscina Mancomunada.

(Sendo as 13,35 horas o Sr.Fernández, do BNG, quer facer unha explicación de voto, non permitiéndollo o Sr.Presidente por rematá-lo punto, retirándolle a palabra).

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE SANEAMIENTO.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **Sr.Rodal, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Desde el servicio de Secretaría se ha tramitado el expediente para la modificación de la Ordenanza Fiscal nº 8 reguladora de la tasa por prestación del servicio de saneamiento.

El motivo que lleva a la modificación es la necesidad de regular de manera clara la obligatoriedad que tienen las viviendas y construcciones en general de conectarse a la red general de saneamiento.

Así en función de la normativa legalmente aplicable, para el caso de suelo urbano, el artículo 11 de la LOUPMRG) señala "*Los planes generales clasificarán como suelo urbano, incluyéndolos en la delimitación que a tal efecto establezcan, los terrenos que estén integrados en la malla urbana existente siempre que reúnan alguno de los siguientes requisitos:*

a) Que cuenten con acceso rodado público y con los servicios de abastecimiento de agua, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica, proporcionados mediante las correspondientes redes públicas con características adecuadas para servir a la edificación existente y a la permitida por el planeamiento"

Para el caso de suelo de núcleo rural, el artículo 29.1 de la LOUPMRG señala: "*Las nuevas edificaciones que se pretendan emplazar en los núcleos rurales se identificarán con las características propias del lugar y estarán encaminadas a consolidar la trama rural existente. Todas ellas cumplirán las siguientes condiciones.*

g) Para autorizar las edificaciones se exigirá tener resueltos, con carácter previo y a costa del promotor, al menos los servicios de acceso rodado, abastecimiento de agua, evacuación y tratamiento de las aguas residuales y suministro de energía eléctrica o, en otro caso, garantizar la ejecución simultánea con la edificación"

En el caso de suelo rústico, es el artículo 42 de la LOUPMRG, el que señala "*1. Para otorgar licencia o autorizar cualquier clase de edificaciones o instalaciones en el suelo rústico deberá justificarse el cumplimiento de las siguientes condiciones:*

a) Garantizar el acceso rodado público adecuado a la implantación, el abastecimiento de agua, la evacuación y tratamiento de aguas residuales, el suministro de energía eléctrica, la recogida, tratamiento, eliminación y depuración de toda clase de residuos y, en su caso, la previsión de aparcamientos suficientes, así como corregir las



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

repercusiones que produzca la implantación en la capacidad y funcionalidad de las redes de servicios e infraestructuras existentes."

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

- **1º. Aprobar la modificación de los artículos 2 y 7, y Disposición Final de la Ordenanza Fiscal nº 8 reguladora de la tasa por prestación del servicio de saneamiento.**
 - **2º. Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.**
-

SR.LORES.- Estamos a favor.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Este tema o temos moi claro dende fai tempo, cando o Concello adica unha parte do seu orzamento e dos orzamentos das Administracións Públicas a facer infraestructuras para beneficio da sociedade, neste caso para o saneamento, pois lóxicamente estamos dacordo en que esas instalacións sexan optimizadas ata ó seu límite.

Non obstante hai algo que nós preocupa que non entendemos moi ben; quizás o Alcalde quera chegar o 100% de saneamento integral do Concello, efectivo, pero agora mesmo non o é, aínda que presuma délo; creemos que con esta normativa pode pretender alcanzalo, digo isto porque tódolos veciños que teñan parcelas ou vivendas ata 150 metros do punto de enganche a partir desta aprobación de hoxe o Concello pode obrigarlles a facer eses 150 metros, o que pode sair nun dineral, dependendo moito da oreografía do terreo, si se trata de pedra, terra, ou xabre. Isto é algo que debemos reflexionar e estudar polo miúdo porque pode dar lugar a interpretacións distintas xa que pode darse o caso dun grupo pequeno de veciños a 150 metros da conexión ó saneamento ós que se lles obrigue a tódos eles a facer esa conexión, ¿cómo se faría: individualmente, colectiva?, ¿cómo sería se faría: por bombeo, ou se fora por caída libre?; cifra de 150 metros que ós funcionarios lles gusta tanto que incluso a teñen na recollida de lixo dándose a paradoxa de que si o camión de lixo pasa a 150 metros da vivenda os veciños teñen a obriga de abonar a cuantía total; e o que ten a desgracia de vivir ó carón da autoestrada e lle pasa o camión a 120 km por hora, ou está preparado para botar a bolsa do lixo dentro do camión, ou non o dá botado.

Creemos que é un apartado que se debiera de estudar ou en todo caso reducir. Ao mellor non se lle ocorreu a proposta que lle estou facendo, pero se pode dar a paradoxa de que se creen conflitos e ademais uns agravios comparativos tremendos; estou falando de sitios como pode haber vinte mil no Concello. O normal polo que eu vexo, e polas directrices que está seguindo o equipo de goberno, todo hai que decílo, que do Plan E se está facendo agora mesmo, se van a gastar máis de 300.000 euros en microconexións de saneamento; pero pode darse o caso de que non se teña previsto por parte do Concello (non vamos a pensar mal, pode ser por falta de liquidez ou por falta de orzamento), que non se teña previsto, e que nalgún núcleo se lles vai a esixir ós propietarios que terán que abonar unha gran cantidade de diñeiro (recordo o saneamento que se fixo de Bahiña a Fontes que foi todo en pedra dura dende o primer centímetro, que costou un dineral), imaxínense que cadran 5 centímetros de terra e debaixo pedra. Nós, si se corrixe ou se estudia este tema, estaremos encantados de aprobalo. Creemos que o goberno local debe facer o exercicio de esixir ós veciños que todos utilizen o saneamento para ter unha calidade de vida moito mellor e para deixar de contaminar o subsolo.

Vostede, Sr.Alcalde, sabe que cando se crean ordenanzas neste Concello para facilitar o goberno local nós practicamente sempre o apoiamos. Este sería o único punto de debate, polo resto estamos dacordo coa moción.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor da moción. O que está claro é que quen fai unha casa fora dos núcleos lóxicamente terá que tomar unha serie de medidas, ou ter unha fosa séptica en condicións ou abordar o saneamento, porque o Concello non pode ter a obriga de levar a calquer vivenda aillada este saneamento, sería imposible de asumir. Polo tanto creemos que é claramente unha moción en defensa da concentración das poboacións, que é ao que tende a Lei: a potenciar os núcleos; e non a facer a demagoxia á que nos ten acostumados o Sr.Fernández.

Estamos a favor deste punto; está clarísimo que é en defensa da Lei, da concentración a poder ser das vivendas en núcleos, que non vai a ser o caso de Baiona, que entendemos que aquí se está facendo un gran esforzo en materia de saneamentos pero repito que si unha persoa fai unha casa nun terreo alonxado dos núcleos terá que asumir tódolos inconvenientes que supón ter unha vivenda nesa zona.

SR.RODAL, PP.- Simplemente matizar como ya dijo la Secretaria Municipal, que está como estaba antes: 150 metros. Sr.Fernández, si usted realmente quisiera que se pudiera modificar lo lógico es que lo hubiese planteado en la Comisión Informativa, que para eso es, y los técnicos de Urbanismo lo hubiesen revisado; siempre viene al Pleno con estos temas a hacer un pequeñito teatro; si usted de verdad piensa que los 150 metros es excesivo plantéelo en las Comisiones Informativas y así habrá unos días para meditarlo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, se un veciño fai unha vivenda aillada será porque o planeamento llo permite, e vostede ten moita responsabilidade neso porque sempre está presumindo de aprobar o PXOU de Baiona. Polo tanto, si se autoriza a un veciño a facer unha vivenda aillada será porque vostede aprobou un planeamento que o permite.

Sr.Rodal, respecto á Comisión Informativa, decirle que non poden asistir; víu o meu compañeiro e quizás non se lle ocorreu; pero eu non poden asistir por motivos laborais porque eu teño que traballar para poder comer tódolos días. Por certo, o que dixó de vir aquí a facer teatro me parece unha falta de respecto a todos os que estamos aquí; eu non teño vocación de actor, pero me imaxino que cando o dí é porque é o que ven vostede a facer aquí, ou polo menos o intenta.

Sr.Alcalde, si vostede cree que este punto se debe aprobar así o aprobaremos todos, pero deixeme facer unha explicación de voto, senón nos vamos a abster.

SR.ALCALDE.- Os turnos de palabra xa son para explicar o voto e decir o que corresponda; quere vostede ter os seus turnos e despois explicar, iso non pode ser, esa é a excusa perfecta para seguir falando.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Me pregunto cal vai a ser a novidade no próximo Pleno porque ata o día de hoxe cando un concelleiro quixo facer unha explicación de voto a fixo. Eu non entendo esta actitude, tranquilizese Sr.Alcalde, está un pouco nervioso e aínda nos queda Pleno.

En todo caso eu pedíalle que me deixara facer unha explicación de voto por si teño que absterme; pero é que non sei, non me contestou vostede si van a deixálo encima da mesa ou si o van a levar adiante. En todo caso, como parece que vostede levantouse hoxe con mal pé, está nervioso, lle asusta o público, por iso poñen os Pleno ás 12 da mañán e non ás 7 da tarde, pois díreille que si vostede acepta revisar isto nós vamos a apoiálo, porque creemos que se deben facer este tipo de ordenanzas, este tipo de cuestións, para facilitar o goberno local; senón, nós isto non o vemos claro; si o deixa encima da mesa e nos convecen técnica e politicamente de que isto debe ser así porque non hai outra solución, pois tamén o apoiaremos; pero dénos outra alternativa; o deixo nas suas máns, pero senón é así teremos que abstermos.

Procede o Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 14 (8,PP, 1,CMÑ, 5,PSOE); producíndose 2 abstencións, do BNG.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Polo cal o Pleno, por maioría, **ACORDA**:

1º. Aprobar la modificación de los artículos 2 y 7, y Disposición Final de la Ordenanza Fiscal nº 8 reguladora de la tasa por prestación del servicio de saneamiento.

2º. Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP, CMÑ, E BNG, RELATIVA Á ADHESIÓN AO MANIFESTO "GALICIA/GALIZA TEN DEREITO".

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen procede á lectura da seguinte:

MOCIÓN DE ADHESIÓN AO MANIFESTO
"GALICIA/GALIZA TEN DEREITO "

Os Grupos Municipais do Partido Popular (PP), Coalición Miñorana (CMÑ) y Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As caixas de aforros de Galicia, en canto entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional, teñen unha clara vinculación co territorio no que se asentán, sendo un instrumento fundamental no financiamento da economía galega. É precisamente esa función, a que ha de contribuír a mellorar o nivel socioeconómico de Galicia, máis necesaria que nunca nun contexto coma o actual de recesión económica e dificultades financeiras.

O 29 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.I.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3, a Lei 10/2009, do 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación legislativa das caixas de aforros de Galicia.

A reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pezas claves para o desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Por iso, o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia, o representante dos empresarios Galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e mais os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto "Galicia ten dereito" sobre o futuro do sistema financeiro galego, e trasladar ó resto da sociedade o seu contido para que se sumen todas aquelas institucións, organizacións, asociacións, entidades ou persoas que coincidan cos seus postulados.

Por todo iso, o Grupos Municipais do PP, CMÑ, e BNG, someten para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de BAIONA acorda adherirse ao Manifesto "Galicia/Galiza ten dereito", dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Dende logo que tranquilo estou hoxe sendo concelleiro do PSOE, porque ser concelleiro do PP ou do BNG hoxe hai que ter dous cerebros, co que pasou antes e que agora fagan unha moción conxunta, cunha idea común, debe ser difícilísimo; e temos o mundo ó revés, sí señor; e temos a Policía na porta por disturbios dos políticos; e despois nos vai a respetar o pobo; foi realmente lamentable o que pasou hoxe aquí, e dende logo ser político, defender as ideas de cada ún, despois facer mocións conxuntas, despois de insultarse gravemente, dende logo eu non son capáz.

SR.ALCALDE.- Creo que está usted muy equivocado; por parte de la Alcaldía no hubo ningún insulto, hubo una falta al orden de un concejal del BNG, pero no hubo insultos. Creo que debe retirar la palabra "insultos".

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Esta es la moción de adhesión a un manifesto que entiendo, resumiendo, que apoya la fusión de las caixas de Galicia, su galegüidad y su solvencia. Voy a retomar la palabra de Angel Rodal que decía que era un problema autonómico. En diciembre ya hablabamos de esto; estamos aquí como concelleiros de Baiona y creo que lo que tenemos que defender son los intereses y los derechos de los vecinos y vecinas de Baiona, que son gallegos también, y su solvencia; y la de las empresas de Baiona, que también son gallegas y su solvencia, y la de los trabajadores y trabajadoras de las cajas de Baiona que también son gallegos y su solvencia; es decir, yo creo que el Pleno de Baiona no puede tomar unha decisión de adhesión a este manifesto y que mañana los periódicos digan "Baiona apoia a fusión das caixas", porque ni los vecinos lo apoyan, ni las empresas de Baiona, ni los trabajadores y trabajadoras de las Caixas de Baiona.

Esta va a ser una moción única y exclusivamente por disciplina partidista, pero no por la realidad de Baiona y su fusión en las Caixas. El manifesto que ustedes presentan, Sr.Rodal, que se ha salvado de leerlo, es difícilísimo y dá lugar a contraindicaciones serias, puede dar lugar a problemas de salud mental. Se hizo en el Parlamento, pero debió ser en la cafetería y tomando cañas, porque es absolutamente infumable; primeio, que hay palabras que a ver si nos las explican, y despues es absolutamente una falta de rigor tremendo, inexacto, una falta de motivación económica, jurídica, social y política; es decir, habla de una actuación del Gobierno Central desalentadora, o sea ¿qué es?, ¿agotadora; cómo es?, una actuación de un Gobierno Central en un recurso de inconstitucionalidad; es decir, es una obligación, es una competencia tener que recurrir a la posible inconstitucionalidad de una norma autonómica, que es de bastante frecuencia llevar a cabo por los Gobiernos del Estado, y Gobiernos anteriores, y previo dictamen de un Consejo de Estado, por unanimidad, y que además creo que la redacción era de Landelino Lavilla, que creo que no es sospechoso de pertenecer al PSOE.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

También el manifiesto habla de fusión paritaria, absolutamente falso; no es una fusión paritaria; será una absorción absolutamente; y una caixa solvente, tampoco, absolutamente tampoco. Y habla de 80.000 millones de euros en activo, es decir, a mí no me dá, no llega ni a 70.000 millones; no nos confundimos por 7 u 8 euros, nos confundimos por 10.000 millones de euros; esto es el rigor del manifiesto y el rigor del objetivo del manifiesto; un pequeño matiz de 10.000 millones de euros; 10.000 millones de euros son el presupuesto de Baiona durante 1000 años; es increíble el rigor de esto; es tremendo el manifiesto.

Realmente para Baiona, que por eso estamos aquí, la fusión de las Cajas es absolutamente perjudicial; y posteriormente, después de escucharles a ustedes, entraré en las consecuencias que esta fusión va a tener para los vecinos, para las empresas y para los trabajadores en Baiona. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A verdade é que tiña razón ó principio cando decía que non entendía o encabezamento, pois hai que ir acostumándose Sr.Rafael, porque cando a coherencia chega a un partido pois hai que aproveitála, e falo do PP, por suposto.

Eu quero recordar a todos vostedes que na campaña electoral das eleccións autonómicas, o BNG, a través do seu portavoz Anxo Quintanar, estivo manifestando en tódolos mitines que deu por Galiza, que era preciso fusionar as Caixas, e daquela todos nos chamaban tolos, intervencionistas, e non sei que máis cousas; ó final o tempo nos dá a razón aínda que as veces se escoita ou se lee na prensa como aquí en Galiza o Sr.Feijoo dí unha cousa e en Madrid o Sr.Rajoy dí outra totalmente distintas; cómo se pode aprobar explicitamente un Decreto feito polo Goberno Central e agora se diga que se vai a recurrir cando se tiña que haber recurrido moito antes.

En todo caso, nestas cifras que se moven os economistas, e que dende logo o portavoz do BNG en Baiona non ten nin idea destas cuestións, eu son electricista e non entendo de economía, pero o que sí é certo e seguramente os veciños entenden perfectamente, é que como pode sair un día o Sr.Gayoso decindo que CAIXANOVA estaría disposta a apoiar a creación dun campo de golf en Baiona, o dixo e o repetiu o portavoz de CMÑ enorgullecendose, pero miren, o outro día, e estamos moi agradecidos, en Portugal nos invitaron a coñecer unha bodega, unha das máis importantes bodegas de viños en Oporto, propiedade de CAIXANOVA, e me parece estupendo que as empresas galegas se expandan e conquisten o mundo; pero mire, en Baiona hai un montón de xente emprendedora que vai a pedir 6.000 ou 9.000 euros para abrir unha empresa e lle dan coa porta nos fuciños; dígollo a vostede porque defendeu a ultranza ó Sr.Gayoso; non porque vostede sexa culpable.

En todo caso isto ven dado por unha bancalización das Caixas; e a bancalización das caixas, que desvirtúa completamente a creación das caixas que se crearon no século XIX en Alemania, e das cales ún dos principais precursores aquí en Galiza foi o nacionalista Alexandre Bóveda, iso significa que as caixas deixen de ser o que son. Iso significa que a parte social das Caixas se vai a eliminar, e eu quero recordarlle ó goberno de Baiona que resulta que a maioría das actividades importantes que se fan no verán en Baiona están financiadas polas Caixas: CAIXANOVA e CAIXA GALICIA, ou sexa, que vamos a quedar sen elas. Vai a pasar o mesmo que pasou coa fusión de UNION FENOSA, e ¿qué vai pasar?: que os beneficios, como foi daquela, se vaian para Madrid; e moita xente está preocupada; e a mín me dá igual, cómo si se van a Barcelona, pero o importante é que se van a marchar de aquí e nos vamos a quedar a duas velas. O poder financeiro de Galiza vai a estar mermado por esa decisión porque as decisións se tomarán en Madrid, e xa temos unha historia tremenda que nos dí que cando as decisións que afectan ás estruturas galegas, de todo tipo, cando se toman fora da nosa terra, xa sabemos o que pasa; eu recordo cando foi o tema de ASTANO, do Ferrol, que levaron toda a industria para ó sur de Andalucía a conta de Galiza; esa foi unha decisión do Goberno socialista, do PSOE, co Sr.Felipe González ó frente: a conta dos galegos salvaron a pel en Andalucía; esas son as decisións que afectan a Galiza, polo tanto nós queremos que as decisións se tomen aquí, para beneficio noso; que non pase o que pasou con FENOSA, o que pasou cos astilleros, e o que pasa sempre con todo; agora mesmo temos un problema de que non se resolve o problema do naval, o problema da leite,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

nin o problema da pesca, porque ó Goberno Central non lle interesa Galiza porque como agora é territorio do PP pois non interesa, lle interesan outros territorios. Iso sí que é por estratexia política, estratexia política real dos partidos centralistas, e ahí están todos vostedes; por estratexia política, agora mesmo, o PP está apoiando este manifesto; pero terán que avisar vostedes ó Sr.Rajoy que non se lle escape que queren neutralizar dalgunha maneira o poder das Comunidades nas decisións financeiras das caixas e da banca, ¿porqué?, porque ó mellor dentro de 3 anos non está o PP gobernando en Galiza e non queren que na Galiza se tomen as decisións que lle interesan a Galiza, senón que eles ven España, Madrid, unha, grande, e libre .

Sr.Estévez, permítame que discrepe con vostede, pero nós non traemos aquí este manifesto aquí por disciplina partidista, traémolo convencidos do que traemos e do que queremos votar. E referente a un comentario que fixo, aínda que entende vostede moito máis que eu de economía e finanzas, dixo que a caixa non ía a ser solvente, home, eu acudín a unhas charlas por parte de xente competente na materia no Miramar e decían que na realidade si se fusionaran CAIXA GALICIA e CAIXANOVA chegarían a estar no ranking número 5 e entraría dentro da posibilidade que dí o BANCO DE ESPAÑA, o Presidente, que ó final en España quedarían 5 grandes caixas; polo tanto se quedan 5, e nós estamos no posto nº 5, non vexo onde está o problema.

Con respecto ó persoal das caixas, aínda estiven hoxe cun empregado, e están encantados, por eles fusión agora mesmo.

En todo caso eu non podo falar con moito coñecemento de causa, polo tanto soamente podo contar anécdotas; pero sí sei que nós, dende antes das eleccións, propuñamos a fusión das caixas e por coherencia política o seguimos facendo; e si se suman a nós tódolos partidos, moito mellor. Nós pedimos que rompan a disciplina de partido, neste caso, e por sentido común e polo ben de tódolos galegos, que apoiem este manifesto. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Non crean que por firmar esta moción cambio a miña intervención doutro día; firmamos a moción porque lóxicamente hai unha disciplina de goberno e teño que facélo. Son bastante crítico, aquí a situación é moi complicada, é unha solución moi difícil de entender; evidentemente dúas persoas non se poden fusionar cando unha non quer, e hai unha realidade en Galicia, CAIXANOVA é unha entidade solvente, CAIXA GALICIA é de dudosa solvencia; a idea do Presidente da Xunta me parece unha idea loable, de que efectivamente Galicia poidera dispór dunha entidade bancaria unida e forte e competitiva; esa non é unha mala idea, o que pasa é que o mundo financeiro é moi complexo, e non me extraña que o PP cunha visión de Estado diga non a esta fusión e dende unha visión de Galicia se colla por compañeiro de viaxe ó BNG, con tódolos problemas que iso supón, de ter unha óptica soamente nacionalista a nivel financeiro; cando creo que as entidades a nivel financeiro teñen que ser moi competitivas sobre todo saíndo ó exterior, buscando inversións, etc, e todo iso entidades supranacionais son as que mellor campo teñen; isto é evidente, isto é a lei da economía; é o ABC da economía.

Por outro lado hai que entender, repito, a visión do Presidente da Xunta de Galicia que lle gustaría ter unha entidade financeira en Galicia.

Estamos todos cheos de dúbidas, de ata onde vamos; o que sí é certo é que nestes momentos hai un proceso negociador, complexo, e que lóxicamente supera acordos municipais. E moi difícil de entender que os 3 Sindicatos estén dacordo coa fusión e logo resulta que isto pode traer postos de traballo, porque evidentemente onde hai 2 sucursais unha ten que pechar; polo tanto haberá que enviar á xente a unha prexubilación; é unha situación moi complexa, moi difícil, que nos absorve.

Evidentemente se Baiona ten que estar ligada a unha entidade é a CAIXANOVA, porque representa o que representa para Galicia, e para Vigo, e para o sur de Galicia, e para Baiona en particular; pero tamén me queda clara unha cousa: que CAIXANOVA non é a caixa de Abel Caballero, porque dá a impresión de que é o "number one" de Caixanova, iso é un erro, e que CAIXANOVA se reduce ó ámbito de Vigo, o que tamén é un erro; CAIXANOVA tería que ser un tema mancomunado. E tamén teño que recoñecer unha cousa, moi pouco chance nos deron



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ós Concellos para participar en Consellos de Administración de CAIXANOVA ata a data, iso quedou moi limitado ós grandes Concellos, Vigo, Deputación, etc.

A situación é moi complicada; evidentemente cando CAIXANOVA absorveu a CAIXA OURENSE nadie en Vigo puxo o grito no ceo, senón que se mirou como unha cousa natural, en Vigo; posiblemente en Ourense se pensaría doutro xeito. Todo este tema de fusións é complicado e difícil, sobre todo cando estamos nunha crisis económica como a que temos, o que lóxicamente obrigará a plantexar estratexias moi distintas de cara ó futuro; o BANCO DE ESPAÑA está abogando polas fusións, por reducir o número de caixas; ¿é mellor unha fusión interterritorial ou do mesmo territorio?, tema complicado; Galicia desgraciadamente non ten o mesmo potencial económico que Cataluña; non hai o mesmo número de caixas en Galicia que en Cataluña; en Galicia hai soamente 2, en Cataluña hai moitas máis; repito que é un tema complicado.

Me gustaría que os expertos, que neste caso serán os que están gobernando na Xunta de Galicia, levaran isto a bó término; nós abogamos pola defensa dos intereses galegos por iso firmamos dalgún xeito esta Moción, pero somos conscientes das grandes dificultades que iso conleva, e sobre todo o sur de Galicia pode saír perxudicado, hai que mirar as declaracións que fai o Alcalde da Coruña; parece ser que quer levar todo para Coruña, a sede central, etc., iso perxudicaría evidentemente ó sur de Galicia.

CAIXANOVA é unha entidade que apostou pola industrialización do sur de Galicia; en cambio CAIXA GALICIA deu créditos importantes ó superporto da Coruña, que iso é de dudosos viabilidade, en claro perxuízo ó predomínio marítimo que tivo, e ten, Vigo. E un tema moi difícil e incluso hai contradicións dentro do PP, cando se mira o que dí o Sr.Montoro e o que dí o Sr.Núñez Feijoo, son cousas que ao mellor na práctica son contradictorias. De tódolos xeitos nos gustaría que Galicia fora financeiramente potente, ¿cál é o mellor sistema: a fusión?, non o sei, é posible.

Tamén aquí se tocou a figura do Sr.Gayoso; para mín o Sr.Gayoso é unha persoa moi respetable, por todo o que ha representado para Galicia e para Vigo, e para o desenrolo financeiro; en canto a que nos ofrecese o seu apoio para un campo de golf é algo moi positivo e que nos anima, porque lóxicamente él ten unha visión superior a calquera de nós en materia económica e financeira e se nos ofrece un financiamento, se nós temos a viabilidade e a posibilidade de facer un campo de golf, iso vai a ser bó para a economía de Baiona. E a mín me gustaría que o Sr.Fernández non se ría destas cousas porque iso é creación de postos de traballo e desenrolo do noso potencial turístico.

Creo que isto non cambia nada; nós estamos a favor da unidade mellor posible en defensa dos intereses de Galicia, e por suposto, da unidade do goberno municipal; eu non quero ser aquí unha persoa que discrepe de accións de persoas que posiblemente sepan máis que eu en materia económica, agora ben, o que penso é que está claro que CAIXANOVA é unha entidade que fixo moito por Galicia, fixo moito por Baiona, de feito é unha entidade que ten unha calle adicada a CAIXA VIGO, e polo tanto creemos que está moito máis arraigada ó noso territorio que CAIXA GALICIA, e defender os intereses de CAIXANOVA é para nós prioritario a defender os intereses de CAIXA GALICIA. Moitas grazas; estamos a favor da moción tal e como está.

SR.RODAL, PP.- Seré máis breve que los demás ponentes porque nos pasó exactamente igual que en el Pleno ordinario de principios de diciembre del pasado año, todos decíamos que no entendíamos de economía, aunque bastante más que nosotros el Sr.Estévez, y sin embargo el punto del orden del Día nos llevó una hora; ahora creo que llevamos ya media hora hablando del tema y aún estamos en la primera intervención.

Creo que en aquel momento, cuando se aprobó por unanimidad en este misma Sala, en diciembre del año pasado, todos llegamos a la conclusión de que lo que pedíamos era que esa unión, esa fusión, nunca hablamos de absorción, fuera siempre y bajo los criterios de solvencia, competitividad, y sobre todo, galleguidad; creo que los 4 portavoces llegamos a ese acuerdo. Se aprobó; después, posteriormente, unos días más tarde, a finales de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

diciembre, fué aprobado en el Parlamento de Galicia por mayoría de dos tercios, la reforma de la Ley gallega, y después sí fué impugnada en 10 artículos por el Tribunal Constitucional.

Me voy a remitir un poco a la auditoría; hubo una auditoría, como todos sabrán, que certifica la apuesta por unir CAIXANOVA y CAIXA GALICIA y descarta el SIP, sistema institucional de protección, porque implicaría la desgalleguización; la fusión de las Cajas gallegas, solvente, generaría beneficios netos desde su primer año de vida; es la única forma que garantiza la galleguidad de CAIXANOVA y de CAIXA GALICIA en el futuro y no tendría problemas técnicos para su ejecución, que conformaría la quinta Caja de Ahorros, como muy bien ha dicho el Sr. Fernández, de España, en tamaño, con algo más de (aquí se decía 80.000 millones de euros; usted decía que eran menos de 70.000), con algo más de 77.000 millones de euros en activos; la fusión generaría una sinergia de 120 millones netos al año entre 2010 y 2015; la nueva entidad obtendría un beneficio bruto de 2.671 millones, pagaría 655 en impuestos de Sociedades; y lo que nos interesa a todos los baioneses, y a todos los que estamos aquí, dedicaría 300 a la Obra Social.

Lo que creo que todos pedimos, y se pide también desde la Xunta, es que las Cajas gallegas tengan el mismo derecho que las Cajas catalanas, las Cajas andaluzas, y las Cajas castellano-leonesas; eso es lo único que se pide. Para finalizar, recordar que las cajas no son Bancos; no son propiedad de los accionistas; son entidades que legalmente están bajo la tutela de la Xunta. Muchas gracias.

SR. ESTEVEZ, PSOE.- Sr. Rodal, se acordará que decíamos aquellas expresiones de: “yo soy del Celta; yo soy del Erizana”, pues creemos que nosotros cada vez defendemos más al Erizana y ustedes se convierten en “hooligans” del Depor, incluso del frente Atlántico.

Excepto las conclusiones de la auditoría que usted leyó, que no conoce nadie, excepto las conclusiones, nadie desde un punto de visto económico y técnico hace ó dice que la fusión de estas 2 cajas vaya a convertirse en la quinta de España y que no tenga que acudir a los fondos FROP; nadie, le aseguro que nadie.

Hablamos de Feijoo, hablamos del gobernador del BANCO DE ESPAÑA, hablamos de lo que sea, pero, ¿qué significa para Baiona esta fusión?, que es lo que más nos interesa y más nos importa, pues mire: la fusión de estas dos caixas en principio lo que va a suponer es que se revaloricen sus activos, un 30% menos seguro, y que se tenga que acudir al FROP; el FROP es un préstamo absolutamente despiadado con las Cajas de Ahorros, donde se presta dinero al 8%, donde no se puede tener obra social en 5 años, y donde no se puede contratar a ningún trabajador más. Eso para Baiona, donde la obra social de CAIXANOVA ha sido importantísima en los últimos años, es perjudicial; absolutamente perjudicial.

El otro día en los periódicos salían dos notas de prensa, una de cada Caja; una decía que CAIXA GALICIA vendía su participación en GALP para hacer caja de 157 millones de euros, y CAIXANOVA decía que iba a destinar este año casi 46 millones de euros a Obra social, y parte de esa obra social va a Baiona, como siempre. CAIXANOVA ha colaborado y participado realmente en Baiona de una forma muy importante; en la Arribada, en el Museo de Navegación, en la VIG BAY, en el ciclo de cine, en ACEBA, en las Comunidades de Montes, en las asociaciones.

Dentro de CAIXANOVA, y dentro de CAIXA GALICIA, se defiende el sip, porque simplemente se mantiene toda la estructura gallega; se mantiene y se asegura.

La fusión va a dar lugar a un absoluto control de sus activos y una revalorización a la baja brutal; brutal; porque se van a revalorizar todos aquellos activos que son préstamos en el mediterráneo, todos; y se va a poner a precios de hoy; por lo cual, de quinta nada; a ver si llega a 14.

Y ese nivel de solvencia posterior va a ser que se tenga que acudir al FROP, y el FROP impide la obra social; la impide absolutamente, y la contratación de nuevos trabajadores. Y se va a destruir empleo con la fusión, absolutamente; por lo cual, primero, no es una Ley de reforma de las Cajas gallegas, es una Ley (que no se porque no la han llamado así) de fusión de las Cajas gallegas. Yo lo tengo claro, no existe ningún tipo de controversia, ni de negociación difícil, solo son 2 pequeños artículos, uno basado en las mayorías para favorecer ó para



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

oponerse a las fusiones y a los sips, y otra en la renovación de los Consejos de las Cajas, nada más que eso; y creo que fué el Sr.Feijoo, en una radio, quien dijo "Vamos a hacer la andaluza", 3 días después dijo que no; fué el Sr.Feijoo, y el Gobierno recogió el guante.

Por lo tanto, convencidos absolutamente de que la fusión de estas 2 cajas perjudica a los vecinos de Baiona, a las empresas y a los trabajadores de Baiona; por lo cual nuestra rotunda oposición a la moción que apoya un manifiesto absolutamente falto de rigor y de motivación, e inexacto; esa es la realidad.

Sr.Xose Enrique, yo no sé con quien habló de CAIXANOVA o de CAIXA GALICIA, pero igual era un empleado de Cuenca, porque de verdad yo estoy en contacto con mucha gente y de verdad que no es así, y es una situación que quieren que termine ya porque es una absoluta angustia para ellos; y es una absoluta preocupación para las empresas porque puede suponer una falta de competencia, y es una gran preocupación para los políticos de Baiona porque la obra social de CAIXANOVA en Baiona está en peligro. Y les decía antes lo del frente atlético, es decir, el Plan actual, y aparte la Ley de cajas actual, que no se ha modificado, permite la fusión, con tal de que los 2 Consejos lo acepten, lo permite.

Pero el plan actual de CAIXA GALICIA es su alianza con CAJA MADRID, con lo cual la galegitude de las caixas y su solvencia espero haberles demostrado que no está asegurada; y el perjuicio para la obra social que se desarrolla en Baiona con la aportación, tanto monetaria como no monetaria, que hace o ha hecho la obra social en Baiona está absolutamente en peligro. Obviamente votamos rotundamente "no" para el apoyo a el manifiesto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Agora sí que nos aclarou o Sr.Vilar que o fai por disciplina de voto; tamén dixo que o PP se veu abocado a ter ó BNG como compañeiro de viaxe, con todo o que iso conleva; pois eu quero recordarlle que vostede tamén foi compañeiro noso de viaxe cando gobernou con nós.

En todo caso, Sr.Vilar, como decía ó principio, lexos de entrar en materia económica e financeira, que non é o noso, evidentemente, o que sí escenifica na prensa, na rúa, e na televisión, é que aquí o que hai é unha política de partidismo barato, e tamén personalismos moi interesados; eu entereime nunha xuntanza de que CAIXANOVA xa non ten en Vigo o Centro informático que era unha das suas bandeiras; o levaron para Madrid, e o que me sorprende foi que o privatizaron e quen era ún dos propietarios da empresa. Claro, por iso despois veñen certos persoaxes interesadíssimos en que as caixas non se fusionen, porque se lle acaba o chollo, se acaban as comisións interesadas de 6.000 euros, as privatizacións interesadas ás suas familias, e moitas cousas máis; esa é a realidade.

Soamente quixera decir que as caixas non son bancos, pero o sistema neoliberal no que sí está dacordo o PP e o PSOE nos levan a iso; o FROP está feito, ese decreto, para bancalizar ás caixas, é a expectativa que teñen.

O Sr.Rafael dixo que foi o Sr.Feijoo quen propuxo a Lei andaluza; mire, a Lei que se aprobou no Parlamento a propuxo o BNG, e foi debatida, e foron aprobadas enmendadas que cambiaron nalgunha parte a Lei, pero foi unha iniciativa do BNG, de lo cal sentímonos orgullosos. Pedimos o apoio para o manifiesto.

SR.RODAL, PP.- Simplemente decir, como non podería ser doutra maneira e dacordo con este manifiesto, que Galicia /Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente e ó servizo do noso país; Galicia /Galiza ten dereito a que o Estado respete ó autogoberno galego, e como non, que Galicia /Galiza ten dereito a propiciar as fusións das suas Caixas. Moitas grazas.

Procede o Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); votos en contra, 5, PSOE.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

1º.- ADHERIRSE ao Manifesto “Galicia /Galiza ten dereito”, que dí:

Galicia/Galiza ten dereito

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galicia/Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.

O Parlamento de Galicia/Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia/Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia/Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

1.- Galicia/Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galicia.

2.- Galicia/Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coaa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galicia.

3.- Galicia/Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galicia/Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galicia /Galiza debe defender o seu. Ten dereito.

2º.- Dar traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.

8.-MANIFESTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CMÑ E PP NA CONMEMORACION DO 8 DE MARZO DO DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

O SR.ALCALDE procede á votación da inclusión do presente punto na orde do Día, sendo aprobado por unanimidade.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- Na Comisión Informativa comentamos a posibilidade de que se convertise este manifesto nunha declaración institucional.

SRA.SILVA, PP.- Penso que estamos dacordo coa petición que na Comisión Informativa fixechedes os dous partidos, tanto o PSOE como o BNG, e nós non temos inconvincente en facer conxuntamente o manifesto.

- Procede á lectura do seguinte **MANIFESTO** co seguinte título:

MANIFESTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CMÑ, PP, PSOE, E BNG, NA CONMEMORACION DO 8 DE MARZO DO DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Un ano máis, en todo o mundo, o 8 de marzo únense voces e vontades para conmemorar o Día Internacional das Mulleres. E un día no que se bota a vista atrás para lembrar dificultades pasadas e logros acadados, pero tamén é un día de ilusión, de proxección, de deseño de novos retos e de exploración das oportunidades que esperan ás actuais e futuras xeracións de mulleres.

Os avances na situación das mulleres non teñen sido fáciles, como tampouco o é o camiño que queda por andar. Todo proceso de cambio é lento e complexo. No caso das mulleres, dende os momentos históricos nos que non podían acceder á educación reglada, ao voto, ao mercado de traballo, ata a actualidade, cando consiguen as mellores cualificacións no eido universitario, cando exercen moitas profesións tradicionalmente masculinizadas, e participan en calquera eido da vida cultural, política, social ou económica, é evidente a profundidade da transformación acaecida.

Non podemos, sen embargo, caer no erro de pensar que todo está feito e que xa non é preciso continuar avanzando. As cifras relativas á participación no mercado laboral indican con toda claridade que as mulleres non se atopan en igualdade de condicións con respecto aos varóns, xa que son habitualmente elas sobre as que incide de maior maneira o desemprego, ou a temporalidade.

Desde o PP, CMÑ, PSOE e BNG de Baiona creemos que é necesario seguir na laboura de sensibilización, de difusión e de comunicación da situación de desigualdade que moitas mulleres seguen a sufrir, insistir na necesidade de traballar no grave problema



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

do desemprego ou da precariedade laboral, que afecta de maneira tan importante ás mulleres de todas as idades, así como na eliminación da lacra da violencia de xénero. A falla de visibilización do traballo desenvolvido polas mulleres, as diferencias nas percepcións salariais, o desigual reparto das tarefas domésticas e das responsabilidades familiares, ou as diferencias existentes na espera da toma de decisións, son só algúns dos retos pendentes.

Non se trata só de avanzar cuantitativamente en materia laboral senón que ese avance veña acompañado de melloras cualitativas.

A complexidade da tarefa pendente non nos debe desalentar nin constituir un obstáculo para esta aspiración, ao contrario, debe ser un motor que nos impulse no avance, sobre a base de que cada ameaza pode e debe converterse nunha oportunidade.

Os avances en materia legislativa son innegables, pero está pendente que as mulleres, e a sociedade na súa globalidade, coñezan os dereitos recollidos nesas leis, pois na base da súa utilización está ese coñecemento. Todos os modos de discriminación deben ser erradicados, de aí a importancia de continuar avanzando na educación en igualdade, para que as xeracións vindeiras vivan nunha esfera de respecto á diversidade, de tolerancia e de paz, superando antigos conceptos, actitudes e comportamentos que están na base da desigualdade existente entre mulleres e homes.

Insistimos na necesidade de avanzar cara a unha sociedade na que mulleres e homes sexan diferentes en tanto que persoas, pero iguais en dereitos e oportunidades, e estamos dispostos e dispostas, dende o PP, CMÑ, PSOE e BNG do Concello de Baiona, a poñer o noso empeño en continuar traballando para a procura destes obxectivos. Só desta forma contribuiremos a crear unha sociedade galega máis igualitaria, máis democrática e máis feliz.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- A nosa proposta é que se cambie onde pón "MANIFESTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS" por "DECLARACION INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BAIONA", e nos parágrafos onde pón "O PP e CMÑ" se poña "dende o Concello de Baiona". Que sexa un pouco máis institucional; en vez de nomear ós partidos políticos, que se nomee á institución.

SR.VALVERDE, BNG.- Como non, un ano máis traemos a esta Sala este tipo de manifestos e tódolos grupos o apoiamos, lóxicamente. Se ben son certos, como manifestou a Sra.Silva, os avances nas Leis e Regulamentos para que as mulleres adquiran alomenos o mesmo estatus que os homes nos seus postos de traballo, a realidade dista moito; sen ir máis lonxe neste Concello hai moitas empresas que están mal contratando a estas mulleres, sobre todo en negocios de roupa, hostelería e demáis; as contratan por 4 horas ou 2 semanais cando as teñen traballando 8 ou 12 horas; ahí é onde as institucións, e o Concello tamén, terán que porse as pilas en facer as correspondentes inspeccións e denunciar este tipo de feitos tan irregulares e que están perxudicando que estas mulleres se podan intregar na vida laboral igual que os homes. E unha débeda importante ata ás nosas veciñas, e nós como institución deberíamos buscar as medidas oportunas para evitar que isto ocorra.

SR.ALCALDE.- Recordolle Sr.Valverde, que para iso está a Inspección de Traballo; en ningún caso o Concello de Baiona está a favor desas prácticas que deben ser abolidas; pero a competencia é de quen é.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Estou dacordo totalmente co manifesto; e quixera felicitar á concelleira Angeles Silva polo importante traballo que ven facendo con relación á muller e ós servizos sociais.

SRA.SILVA, PP.- Non temos ningún problema en nomear no manifesto ún por ún aos partidos, nin en sinalar “dende a institución de Baiona” posto que somos todos a que formamos; por outra banda, reiterar o que Sr.Presidente acaba de dicir ó BNG, que dende o Concello se fai todo o posible, dende a Concellería de Traballo, de Benestar, e Igualdade sobre todo, dentro das nosas posibilidades, para que se erradiquen todas estas situacións; pero sí é verdade que nós non temos ferramentas legais; é a Inspección de Traballo, como reiterou o Alcalde, quen ten que facer, dicir e actuar neste senso. Moitas grazas.

SR.VALVERDE, BNG.- Un segundo turno para aclarar que sí e certo quen ten as competencias; pero sí temos como Concello competencia para denunciar todos aqueles casos que coñecemos que por desgracia son moitos.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA APROBA-LA SEGUINTE:

DECLARACION INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BAIONA, NA CONMEMORACION DO 8 DE MARZO DO DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Un ano máis, en todo o mundo, o 8 de marzo únense voces e vontades para conmemorar o Día Internacional das Mulleres. E un día no que se bota a vista atrás para lembrar dificultades pasadas e logros acadados, pero tamén é un día de ilusión, de proxección, de deseño de novos retos e de exploración das oportunidades que esperan ás actuais e futuras xeracións de mulleres.

Os avances na situación das mulleres non teñen sido fáciles, como tampouco o é o camiño que queda por andar. Todo proceso de cambio é lento e complexo. No caso das mulleres, dende os momentos históricos nos que non podían acceder á educación reglada, ao voto, ao mercado de traballo, ata a actualidade, cando consiguen as mellores cualificacións no eido universitario, cando exercen moitas profesións tradicionalmente masculinizadas, e participan en calquera eido da vida cultural, política, social ou económica, é evidente a profundidade da transformación acaecida.

Non podemos, sen embargo, caer no erro de pensar que todo está feito e que xa non é preciso continuar avanzando. As cifras relativas á participación no mercado laboral indican con toda claridade que as mulleres non se atopan en igualdade de condicións con respecto aos varóns, xa que son habitualmente elas sobre as que incide de maior maneira o desemprego, ou a temporalidade.

Desde o PP, CMÑ, PSOE e BNG de Baiona creemos que é necesario seguir na laboura de sensibilización, de difusión e de comunicación da situación de desigualdade que moitas mulleres seguen a sufrir, insistir na necesidade de traballar no grave problema do desemprego ou da precariedade laboral, que afecta de maneira tan importante ás mulleres de todas as idades, así como na eliminación da lacra da violencia de xénero. A falla de visibilización do traballo desenvolvido polas mulleres, as diferencias nas percepcións salariais, o desigual reparto das tarefas domésticas e das



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

responsabilidades familiares, ou as diferencias existentes na espera da toma de decisións, son só algúns dos retos pendentes.

Non se trata só de avanzar cuantitativamente en materia laboral senón que ese avance veña acompañado de melloras cualitativas.

A complexidade da tarefa pendente non nos debe desalentar nin constituir un obstáculo para esta aspiración, ao contrario, debe ser un motor que nos impulse no avance, sobre a base de que cada ameaza pode e debe converterse nunha oportunidade.

Os avances en materia legislativa son innegables, pero está pendente que as mulleres, e a sociedade na súa globalidade, coñezan os dereitos recollidos nesas leis, pois na base da súa utilización está ese coñecemento. Todos os modos de discriminación deben ser erradicados, de aí a importancia de continuar avanzando na educación en igualdade, para que as xeracións vindeiras vivan nunha esfera de respecto á diversidade, de tolerancia e de paz, superando antigos conceptos, actitudes e comportamentos que están na base da desigualdade existente entre mulleres e homes.

Insistimos na necesidade de avanzar cara a unha sociedade na que mulleres e homes sexan diferentes en tanto que persoas, pero iguais en dereitos e oportunidades, e estamos dispostos e dispostas, dende o PP, CMÑ, PSOE e BNG do Concello de Baiona, a poñer o noso empeño en continuar traballando para a procura destes obxectivos. Só desta forma contribuiremos a crear unha sociedade galega máis igualitaria, máis democrática e máis feliz.

10.-MOCIONS.

- MOCION DE URXENCIA DO BNG RELATIVA Ó CONFLICTO DA PISCINA MANCOMUNADA.

SR.ALCALDE.- Non quero enfadarme pero a verdade é que non ven a conto esta urxencia. Hai un procedemento que a señora Secretaria podería explicar moito mellor que eu. Os pasos son os seguintes: cando un grupo ten unha iniciativa a pode presentar na Comisión Informativa, se da traslado ós diferentes portavoces, e se pode incluso modificar, falar sobre ela, etc. Nesta ocasión o BNG non presentou nada na Comisión Informativa; se presenta por dous grupos, o PSOE estaba dacordo con esta moción presentada; evidentemente pudo decir que non estaba dacordo en modificála; non pode ser non traballar e presentarse aquí a tratar de romper os Plenos; non debe ser así. O que ten que facer é seguir o Regulamento, e o Regulamento o dí: ou o presenta na Comisión Informativa ou ten votos para a Urxencia; vostede nos presenta a Urxencia porque considera que é urxente (cando como lle digo pasaron todos estes trámites) e agora pide a urxencia, e se vota, e se prospera continúa coa Moción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu vou a continuar coa Moción porque a súa urxencia está reflexada na propia Moción.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro da lexislación vixente presenta para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A NEGOCIACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DOS/AS TRABALLADORES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Os traballadores das instalacións deportivas de toda Galiza iniciaron un calendario mobilizador de cara a conquistar a sinatura dun convenio colectivo de ámbito galego que homologue as condicións laborais de preto de 3000 traballadores, dignifique os seus salarios e garanta unha xornada de traballo que permita conciliar a vida laboral e persoal destes traballadores e traballadoras.

En realidade, a negociación do convenio de ámbito galego xa se abriu hai meses co inicio dunha mesa de negociación no Consello Galego de Relacións Laborais, aínda que a patronal amosou unha total desidia e desprezo, tanto cara os traballadores como cara á propia institución do Consello, porque paralizou este proceso no mes de maio. Mantendo en todo momento unha actitude de menosprezo e indiferenza que pode abocar nunha folga indefinida a partir do 1 de febreiro que pode deixar sen servizo a máis de 100.000 usuarios/as en toda Galiza.

Hai que lembrar que a maior parte destas empresas están en réxime de concesión prestando servizos públicos, ben de ámbito municipal ou autonómico. Eis onde comeza a nosa responsabilidade municipal.

O noso concello non vive alleo a este proceso negociador xa que os días de folga estase deixando sen cubrir por parte da empresa concesionaria un servizo público que afecta as instalacións deportivas e a piscina da Mancomunidade do Val Miñor.

O Concello de Baiona non pode manter unha actitude de convidado de pedra neste conflito xa que como acabamos de indicar afecta directamente a servizos municipais.

Por todo iso, sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte,

ACORDO

1.- O Pleno expresa a solidariedade do concello de Baiona coas demandas dos traballadores no sentido de que se dignifiquen os seus salarios e garanta unha xornada de traballo que permita conciliar a vida laboral e persoal destes traballadores e traballadoras.

2.- Que o Concello de Baiona traslade as empresas concesionarias das instalacións deportivas mancomunadas a necesidade de tomar as medidas precisas conducentes a esixir unha pronta solución a este conflito laboral e a sinatura do novo convenio colectivo.

3.- Que o Concello de Baiona esixa as empresas concesionarias destes servizos a indemnización correspondente polos servizos que deixou de prestar con motivo de non estar operativas as instalacións.

Sometida a votación a Urgencia da Moción, resulta: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a Urgencia.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

SR.ALCALDE.- Vou a contestar a un **ROGO** que presentou o Sr.Lores, PSOE, no Pleno anterior do 4 de febreiro, que decía: "*Un **ROGO** polo tema da piscina mancomunada, nos **ROGAMOS** ó goberno, ó Alcalde, que traslade á Mancomunidade, ou incluso á propia empresa, que están xenerando un prexuízo ós usuarios de Baiona e de todo o Val Miñor. Urximos que a solución entre os traballadores e a empresa sexa rápida porque ó final é un prexuízo para tódolos usuarios da piscina.*"



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

O Sr.Lores, fai un mes, fixo ese ROGO porque había unha preocupación, e por parte da Alcaldía naquel momento se contestou o seguinte: *"Decir que tivemos xa contactos os 3 Alcaldes ó longo destes meses, directamente; e Manolo Vilar de forma especial posto que él leva máis preto as relacións en canto á piscina; o outro día recibimos aquí ós traballadores, estivemos falando con eles, explicando a situación, ademáis falaremos deste tema na Xunta de Goberno da Mancomunidade de próximo vénres, e teremos que ver a situación que nós xuridicamente podemos defender; estamos dende logo a favor de que se chegue a un acordo, que é complexo porque non é a empresa cos traballadores senón a patronal a nivel galego, é decir, non estamos falando dun tema concreto da empresa en Ramallosa cos traballadores da Ramallosa senón que é un tema global. Eles me decían que había unha aproximación nalgúns puntos pero realmente e un tema xeral e aínda que eles estiveran dacordo non podían chegar a un acordo posto que ten que ser a través da mesa xeral. Eu falei co vicepresidente da FEGAMP, Perfecto Rodríguez, comentando esta inquedaanza que existe, e tamén a levaremos alí para as accións que complementen ás que o Presidente da Mancomunidade neste momento, Efrén Juanes, tamén fixo cun bó traballo; nós o que podemos é tratar de presionar para que se senten a negociar e podan chegar a un acordo".*

Quero decir que o PSOE mostrou unha inquedaanza; o BNG non apareceu no Pleno pasado, e dende entón o que se decidiu foi facer precisamente esta moción que vai, a que se aprobou hoxe, un punto máis alá; un punto onde a presión se traslada ata decir que pode haber unha rescisión se a empresa non se pón as pilas, ou a negociar, que é o que se defendeu dende o primer momento. Pero como decía, fai un mes que este asunto foi tratado, e creemos que estamos seguindo os camiños que temos que seguir.

PREGUNTAS DO BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha preguntá á Secretaria, ¿é preceptivo votar a inclusion na orde do día das mocions?, se votou agora mesmo a inclusion da do tema do 8 de marzo.

- **Nos últimos catro anos ¿cántos saneamentos por bombeo se levan realizado en todo o Concello?.**

- **¿Dónde están ubicados?. ¿Cómo se denomina o seu título de obra?, ¿con cuánto están orzamentados cada ún deles?.**

- **¿En qué data se fixeron?.**

- **De todos estes bombeos, ¿cántos están funcionando a día de hoxe?.**

- **Fai aproximadamente dous meses o Alcalde dixo no Pleno a petición do BNG que no mes de marzo tendríamos noticias do PXOU, xa estamos sen marzo, ¿qué ten que decir o Alcalde ó respecto?.**

- **¿Teremos novo PXOU nesta lexislatura?.**

- **¿Cándo pensa convocar a Comisión de Urbanismo para presentar o plan do litoral?.**

- **Sr.Alcalde ¿qué pasa co PEPCHA?, ¿cándo ten previsto convocar a Comisión correspondente?.**



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

- Sr.Alcalde ¿cándo pensa reanudar as obras do Centro de Día?.
 - ¿En que situación se topan as vivendas sociais que se ían a construír en Sabarís?.
 - ¿Cándo comenzan as obras de restauración do aparcamento soterrado da Palma que estaban contempladas no Prego da concesión?.
 - ¿Cándo comenzan as obras da construción do Centro Cívico de Sabarís?.
-

SRA.SIMONS, PP.- Contestarei tódalas preguntas xuntas; aproximadamente se levan feito uns 10 saneamentos por bombeo, aproximadamente; sen incluír os executados pola depuradora. Os datos máis específicos télos a Interventora e hoxe non está presente.

Respecto ó PXOU, gustárame aclarar que realmente non é o PXOU porque o PXOU está aprobado de forma definitiva dende o ano 1994; o novo é PXOM, ún é urbano e o outro é municipal. E bó que sepa vostede que cada cousa ten o seu nome.

Con respecto ó Plan Xeral o que ocorre é que estamos pendentes da modificación da nova Lei do Solo para saber qué afeccións pode ter á hora de tódolos planeamentos que están en trámite. Ata que non se aprobe definitivamente a modificación da Lei do Solo pois o Plan Xeral está a expensas do que ocorra, tanto en núcleos como nas diferentes tipoloxías do solo. Ademais de que o equipo redactor do Plan Xeral sí que está facendo un estudo das alegacións e do resto de informes sectoriais, ou sexa, informes de augas, de patrimonio, etc.

A pregunta: ¿Teremos novo PXOM nesta lexislatura?; realmente estamos traballando para iso; outra cousa é que os tempos non soamente os marca o Concello de Baiona senón que tamén veñen impostos por normativas que aproba tanto o Estado como a Autonomía.

Sobre a pregunta: ¿cándo pensa convocar a Comisión de Urbanismo para presentar o plan do litoral?; o Concello de Baiona non presenta o Plan do litoral; o presenta, dentro da Consellería de Medio Ambiente, Transporte e Infraestruturas, a área de sustentabilidade de paisaxe, e xa foi presentada fai cuestión de un mes; está en período de alegacións. Ese período de alegacións, que é para os Concellos, como houbo un problema á hora do entendemento dos planos, o que fixeron foi publicálos na páxina web; calquer persoa pode entrar na páxina web da Consellería e ten tódala documentación para poder estudiala; ademais nós, nos servizos técnicos, están estudiando todo o plan de ordenación do litoral.

SR.ALCALDE.- Estamos esperando a que os técnicos teñan un informe para presentálo; son aspectos técnicos e teñen que decirnos eles o que alí ven, e despois nós opinaremos.

SRA.SIMONS, PP.- O retraso é precisamente por iso: os planos non se entendían de forma clara polos tipos de sombreado que utilizaban e están facendo e tramitando outros.

Respecto ó PEPCHAB pasa un pouco como o Plan Xeral; estamos á espera do estudo por parte do equipo redactor, tanto dos informes sectoriais (sabedes que están Portos, Patrimonio, e demais), ademais das últimas alegacións presentadas. Cando teñamos máis información, imaxino que proximamente, cando teñamos a documentación poderemos presentala.

A seguinte pregunta: ¿cándo pensa reanudar as obras do Centro de Día?; con respecto a este punto dicir que non é o Alcalde quen reinicia as obras nin o Concello de Baiona; hai unha concesión, o Consorcio; xa que tanto se falaba da privatización o día de hoxe dicir que o



EXCMO. CONCELO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Consortio é un ente privado que creou o Bloque co bipartito (digo isto máis que nada para telo claro todos); está pendente da adxudicación, por parte do Consortio, das obras. Xa leva un mes e penso que en escaso tempo estará adxudicada á empresa que reiniciará as obras.

- *¿En que situación se topan as vivendas sociais que se ían a construír en Sabarís?*; estaban con reunións, sabedes que presentaron un modificado que tivo licenza o ano pasado, en setembro; están en diferentes reunións tanto coas Consellerías como coa Xunta de Compensación pola urbanización, e se estima que en breve reanudarán as obras; as iniciaron, pero que as reanuden.

- *¿Cándo comencian as obras de restauración do aparcamento soterrado da Palma?*; con respecto ó aparcamento, ó igual que do Centro Cívico, do cal está o proxecto de execución no Concello e está pendente de que os servizos técnicos o informen para que podan autorizarse as obras, pois co aparcamento pasa algo parecido: presentaron o proxecto pero está nunha zona que necesita diferentes autorizacións como pode ser de Patrimonio, de Costas, e de Urbanismo, que é o que leva agora as autorizacións por parte do litoral. Cando veñan tódalas autorizacións pois se lle dará autorización para realizar as obras.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr. Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.